

ACHEGAS SOBRE A SÍNDROME DE ASPERGER

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 19. Ano 2015

Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
cjimenez@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Emma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Manuel Ojea Rúa

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Felicia Estévez Salazar

Olalla Gómez Reyes

Ilustración portada

Antón Goyanes

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

— GALEGO —

7

Editorial

ACHEGAS SOBRE A SÍNDROME DE ASPERGER

13

DOUS RELATOS DE PERSOAS ASPERGER

Carmen Molina e Angélica Partida

21

MULLER E ASPERGER DOBRE ESTIGMA

Carmen Molina

31

REFLEXIÓNS SOBRE A SÍNDROME DE ASPERGER

Mónica Recio Crespo

41

PROBLEMÁTICA DE NENOS E ADOLESCENTES CON AUTISMO DE ALTO
FUNCIONAMENTO NAS CONTORNAS ESCOLARES

Daniel Comín

47

PROBLEMAS CLÍNICOS QUE LIMITAN A CALIDADE DE VIDA DOS
ADOLESCENTES E ADULTOS CON TEA E ALTO FUNCIONAMENTO
(SÍNDROME DE ASPERGER): CARA A UNHA PROBA DE AUTOINFORME

Mercedes Belinchón Carmona, Natalia Blas Agüero e Javier Muñoz Bravo

61

ANÁLISE DAS VARIABLES COGNOSCITIVAS SOBRE A COMPETENCIA DE
INTEGRACIÓN SEMÁNTICA DOS CONTIDOS EN ESTUDANTES CON
TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE NIVEL 1

Manuel Ojea Rúa e Nuria Diéguez García

77

O SON DAS ONDAS: MARTIN CODAX E O PERGAMIÑO VINDEL

Henrique Monteagudo

83

BREVE ACHEGA AO PENSAMENTO FEMINISTA
E SOCIAL DE CONCEPCIÓN ARENAL

Maria Xosé Porteiro

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

93

Editorial

CONTRIBUCIONES SOBRE EL SÍNDROME DE ASPERGER

99

DOS RELATOS DE PERSONAS ASPERGER

Carmen Molina y Angélica Partida

107

MUJER Y ASPERGER DOBLE ESTIGMA

Carmen Molina

117

REFLEXIONES SOBRE EL SÍNDROME DE ASPERGER

Mónica Recio Crespo

127

PROBLEMÁTICA DE NIÑOS Y ADOLESCENTES CON AUTISMO
DE ALTO FUNCIONAMIENTO EN LOS ENTORNOS ESCOLARES

Daniel Comín

133

PROBLEMAS CLÍNICOS QUE LIMITAN LA CALIDAD DE VIDA DE LOS
ADOLESCENTES Y ADULTOS CON TEA Y ALTO FUNCIONAMIENTO
(SÍNDROME DE ASPERGER): HACIA UNA PRUEBA DE AUTOINFORME

Mercedes Belinchón Carmona, Natalia Blas Agüero y Javier Muñoz Bravo

147

ANÁLISIS DE LAS VARIABLES COGNOSCITIVAS SOBRE LA
COMPETENCIA DE INTEGRACIÓN SEMÁNTICA DE LOS
CONTENIDOS EN ESTUDIANTES CON TRASTORNO
DEL ESPECTRO AUTISTA DE NIVEL 1

Manuel Ojea Rúa y Nuria Diéguez García

163

O SON DAS ONDAS: MARTIN CODAX Y EL PERGAMINO VINDEL

Henrique Monteagudo

169

BREVE APORTACIÓN AL PENSAMIENTO FEMINISTA
Y SOCIAL DE CONCEPCIÓN ARENAL

María Xosé Porteiro

ACHEGAS SOBRE A SÍNDROME DE ASPERGER

Editorial

Hans Asperger (1906 – 1980), psiquiatra e pediatra austríaco, formouse en Viena en medicina xeral coa intención de especializarse en pediatría. Os seus primeiros traballos realizounos na clínica pediátrica universitaria de Viena, sentíndose particularmente atraído pola práctica da Pedagogía Curativa, que naquela época constituía un dos piares fundamentais da achega do autor. Conceptualmente trátase dunha estratexia terapéutica que integra perfectamente técnicas de educación especial na práctica médica, sustentando todo iso no traballo dun equipo multidisciplinario (médicos, persoal de enfermería, educadores e terapeutas), que se viña desenvolvendo nesa institución desde o ano 1918.

En 1943, describe e publica para habilitarse como profesor, a síndrome “psicopatía autista”, (case que simultaneamente co traballo “autismo infantil precoz” de Leo Kanner). Asperger utiliza o termo de “psicopatía autista” no sentido técnico de “personalidade patolóxica”. En 1944, elabora o que constituiría a súa tese doutoral. No seu traballo orixinal Asperger, describiu a catro nenos con idades comprendidas entre os 6 e 11 anos que presentaban como característica común unha marcada discapacidade por dificultades na interacción social a pesar da súa aparente educación cognitiva e verbal, introducindo o concepto de psicopatía autista. Na súa obra: “Die Autistischen psychopathen im Kindesalter S.106, 199f, comenta:

“A alteración da atención activa atópase case que regularmente neste tipo de nenos. É dicir, non se trata ou non se trata só da alteración da concentración que se observa en moitos nenos neurópatas que desvían a concentración da súa mente de traballo sobre todo polos estímulos externos, por calquera movemento ou inquietude na súa contorna. Mais ben trátase de que estes nenos desde un principio non están en absoluto dispostos a dirixir a súa atención de traballo cara ao mundo exterior, neste caso a escola, que esixe deles”

No contexto no que lle tocou vivir a redor da “euxenesia nazi” de esterilizar e/ou eliminar as persoas socialmente diferentes ou mesmamente discapacitadas mentais, Asperger defendeas de forma apaixonada escribindo:

“Estamos convencidos, por tanto, que as persoas autistas teñen o seu lugar no organismo da comunidade social. Cumpren ben o seu papel, quizais mellor que calquera outro podería facer, e estamos falando de persoas que na súa infancia tiveron as maiores dificultades e causaron indicibles preocupacións os seus cuidadores”

Asperger chamoulles aos seus xoves pacientes “pequenos profesores”, persoas que ao longo da súa vida, algúns serían capaces de conseguir logros excepcionais e pensamentos orixinais.

Pero non ía ser ata cincuenta anos despois que a Síndrome de Asperger sería recoñecida internacionalmente como entidade clínica propia, ao ser incorporada por primeira vez no Manual Estatístico dos Trastornos Mentais (American Psychiatric Association), na súa cuarta edición (DSM-IV, 1994).

Lorna Wing (1928 – 2014), psiquiatra británica e nai dunha nena autista, ía ser 13 anos antes da saída do DSM-IV, quen popularizase a obra de Hans Asperger, publicando en 1981: “Asperger’s Syndrome: a Clinical Account”. Despois de revisar a obra de Asperger, Wing introduce o termo de Síndrome de Asperger. Un trastorno relativamente novo no campo do autismo, que xa fora definido polo médico vienés.

Actualmente a Síndrome de Asperger ou Trastorno de Asperger, forma parte do Trastorno do Espectro do Autismo, acorde cos criterios diagnósticos do DSM-V, 2013. Os seus defensores sosteñen que o criterio da DSM-IV, non funcionaba na práctica clínica. Porén para outros investigadores, algúns adultos diagnosticados coa Síndrome de Asperger non deberían ser considerados como enfermidade, trastorno ou síndrome en si, senón simplemente unha forma de ser que as súas condicións proporcionan o individuo vantaxes e desvantaxes.

Non existe entre as asociacións de familiares ou de auto axuda unha posición de consenso respecto a S.A. Así por exemplo a Federación Asperger Española, mais ben se adhire á definición dos catálogos diagnósticos postulando que a S.A. é un trastorno severo do desenvolvemento, que conleva unha alteración neurobiolóxica determinada no procesamento da información. Por outra banda, o DSM-V non esta exento de fortes críticas por parte de profesionais e escolas en diferentes países. Un debate, xerado sobre todo desde o ano 2013, que aínda continúa, mostra argumentos de todo tipo sobre a nova clasificación do Trastorno do Espectro do Autismo, acordos ao DSM-V.

O ano 2006 foi declarado “Ano Internacional da Síndrome de Asperger”, coincidindo co centenario do nacemento de Hans Asperger, e a partir do 2007 o 18 de febreiro declárase “Día Internacional Asperger” na súa lembranza.

Na Síndrome de Asperger non hai atraso no desenvolvemento da linguaxe a diferenza do autismo infantil precoz de Leo Kanner. Desde o punto de vista da fisiopatoloxía, supóñense alteracións no desenvolvemento cerebral que terían lugar pouco despois da concepción. Unha migración anormal das “células embrionarias” durante o desenvolvemento fetal pode afectar a estrutura final do cerebro, así como a súa conectividade. O resultado sería unha alteración dos circuitos neuronais que controlan o pensamento e a conduta. Existen diversas teorías que tratan de explicar o mecanismo polo que teñen lugar estes procesos, pero ningunha delas é capaz de ofrecer unha explicación completa.

Mecanismos compatibles coas teorías da “coherencia central” ou “sistemas das neuronas espello” dificultarían os procesos naturais de imitación, o que provoca o deterioro de interacción social característico do S.A. Teorías que por outra banda, concordan coas teorías da “cognición social” como a “teoría da mente”, teorías hipotéticas de que as condutas autistas se derivan dun deterioro na capacidade de realizar atribucións de estado mentais a un mesmo e aos demais ou a teoría da “hípersistematización”, hipotética de que os individuos con autismo poden sistematizar as operacións internas para dar resposta ante sucesos de tipo interno, pero son menos eficaces á hora de simpatizar e dar resposta a sucesos xerados por outros.

A Síndrome de Asperger, constitúe unha discapacidade social que leva implícita unha alteración no procesamento da información. As persoas Asperger mostran particularmente a capacidade de observar e sinalar detalles que escapan á maioría das persoas neurotípicas, e, con frecuencia, habilidades especiais en certas áreas do procesamento. As persoas Asperger non son “empáticas” teñen como unha especie de “cegueira emocional”, non recoñecendo por exemplo o significado dun sorriso ou do que significa calquera outro matiz da comunicación non verbal e de ler entreliñas ou procesar mensaxes con significados ambiguos ou simultáneos, evitando o contacto ocular. Poden ter obsesións como a astronomía, a construción de maquetas, medios de transporte (trens e avións) ou os ordenadores. Hans Asperger, xa lles tiña chamado “pequenos profesores”. Atráelles a orde e a clasificación das cousas o que significa que terán unha vida amplamente produtiva, cunha gran concentración, unha actitude perfeccionista e unha memoria tenaz. Aínda así, poden non responder aos patróns típicos de socialización.

Os adolescentes Asperger poden sentirse confundidos porque non son capaces de comprender en que se equivocan ou por que son rexeitados polos demais, o que lles provoca depresión, ansiedade, nerviosismo, resentimento, ira, condutas antisociais, obsesivas e agravamento das condutas inapropiadas, co conseguinte illamento social, acoso escolar e marxinación.

Temple Grandin, unha persoa Asperger comentaba: “As miñas emocións son máis simples que as da maioría das outras persoas. Non sei o que é unha emoción complexa nunha relación interpersoal. Só comprendo emocións sinxelas como, ira, medo, alegría e tristura”.

Hans Asperger, sempre dicía: “Precísase un pouquiño de autismo para o éxito, tanto na ciencia como na arte”. Michael Fitzgerald afirmaba: “Moitas das características da Síndrome de Asperger favorecen a creatividade”. Christopher Gillberg e Oliver Sacks consideran que persoas como Isaac Newton ou Albert Einstein, moi probablemente tiñan características de persoas Asperger. O mesmo que Bill Gates reconécese persoa Asperger, como tamén Steven Spielberg ou Sheldon Cooper.

Nesta nova entrega do número 19, a revista *Maremagnum* quere darlles a palabra en primeiro lugar ás propias persoas Asperger a través das súas achegas a Síndrome de Asperger ¿Quen mellor ca elas poderían facelo? Carmen Molina xa nos creou a mellor das expectativas coa súa colaboración no anterior número 18 dedicado a: “Ansiedade, acoso e inclusión nas persoas con autismo”, co artigo: “Descender aos infernos”.

Carmen Molina e Angélica Partida Hanon persoas Asperger, sorpréndenos con dúas colaboracións: “ Porque pensan tan a modo” e “Intentando ser normal”, respectivamente que asumindo a miña responsabilidade como director da revista, aparecen ámbolos dous artigos co título xenérico: “ As persoas Asperger achégannos a Síndrome de Asperger”. Dúas achegas de dúas entrañables persoas baixo un mesmo paraugas.

Por outra banda Carmen Molina, colabora dobremente co interesantísimo artigo: “Muller e Asperger dobre estigma”. E desde a dirección da revista, para estas dúas persoas Asperger repetímoslles: “Grazas Carmen, grazas Angélica”.

Ademais das colaboracións e artigos nomeados, contamos nesta *ACHEGA AS PERSOAS CON ASPERGER* cos artigos de Mónica Recio Crespo: “Reflexións sobre a síndrome de Asperger” que nos trae a frescura da abordaxe desta síndrome desde unha óptica psicodinámica a través de viñetas prácticas e de imaxes a procura e comprensión do funcionamento mental ao que están suxeitas as persoas Asperger.

Daniel Comín relata a: “Problemática de nenos e adolescentes con Autismo de alto funcionamento nas contornas escolares” na que aborda a necesidade de ir cara un modelo de escola inclusiva onde se contemple unha atención integradora e axeitada á diversidade.

Mercedes Belinchón Carmona, Natalia Blas Agüero e Javier Muñoz Bravo, dannos os resultados dun estudo orientado ao deseño dunha ferramenta de autinforme que facilite a identificación dos problemas de saúde mental e do comportamento en persoas Asperger, no seu traballo: “Problemas clínicos que

limitan a calidade de vida dos adolescentes e adultos con TEA e alto funcionamento (síndrome de Asperger): Cara unha proba de autoinforme”.

Os profesores Manuel Ojea Rúa e Nuria Diéguez García, da Universidade de Vigo, analizan en que medida influen os diferentes procesos de ensino – aprendizaxe na adquisición dos coñecementos con criterios significativos (integración semántica), así como determinadas variables que mellor predin e explican o desenvolvemento de pegadas mnésicas con carácter semántico na memoria permanente e o seu nivel de recuperación posterior, no artigo: “Análise das variables cognoscitivas sobre a competencia de integración semántica dos contidos en estudantes con Trastorno do Espectro do Autismo de nivel I”.

Nas paxinas culturais contamos ca colaboración de Henrique Monteagudo, profesor, escritor e académico que nos fala do significado e importancia do trobador Martín Codax. O vigués máis universal de tódolos tempos. Cantor do Mar de Vigo e a quen a lírica galego – portuguesa ten, como un dos fenómenos máis fermosos e interesantes que se produciron na Península Ibérica na Idade Media. Das sete “cantigas de amigo”, agás na sétima, aparece a mención de Vigo. Foi a finais de 1913 ou comezos de 1914, cando o libreiro e anticuario Pedro Vindel, residente en Madrid, ollando un códice do s. XIV, o tratado *De Officiis* de Ciceron, forrado en pergamiño unha vez desencadernado comproba abraiado as sete cantigas de amigo en galego co nome do seu autor Martín Codax. O profesor Monteagudo no seu artigo: “O son das ondas: Martín Codax e o Pergamiño Vindel” dános conta deste grandísimo trobador e o Pergamiño Vindel, que curiosamente é propiedade da Fundación Morgan da cidade de Nova Iorque.

María Xosé Porteiro, escritora, xornalista, política e feminista agasállanos cun artigo sobre Concepción Arenal, como pioneira do feminismo no seu tempo. Concepción Arenal tal como nos relata M^a Xosé Porteiro, non só se formou, reflexionou e traballou na práctica en materias concretas para quitar ás mulleres da ignorancia e da miseria, senón que desenvolveu un inxente labor intelectual deixando por escrito unha gran cantidade de obras, nas que criticou á sociedade daquel tempo e o rol excluínte que se lle outorgaba á muller como nai e esposa coas súas conseguíntes dificultades para acceder aos estudos. Concepción Arenal, afincada en Vigo desde 1890 recibe a noticia da súa candidatura para ocupar unha vacante na Real Academia por parte da súa –e nosa– paisana, Emilia Pardo Bazán. Concepción Arenal morre en Vigo en 1893 e no mes de febreiro, no cemiterio de Pereiro (Vigo), conmemorase o cabodano do seu pasamento desta grande muller que deixou escrita a frase: “Odia o delito e compadece o delincuente”.

Cipriano Luis Jiménez Casas
Director Maremagnum

DOUS RELATOS DE PERSOAS ASPERGER*

Carmen Molina e Angélica Partida

Por que pensan tan amodo

Carmen Molina¹

Hai unha hora que escoito repetida unha e outra vez a mesma cuestión, unha e outra vez os mesmos argumentos, os mesmos razoamentos, as mesmas solucións. Síntome mal. Teño un nó na garganta e dóeme o estómago. Non podo falar. Advertíronmo, *estate calada*. Onte foi igual, a mesma reunión, coas mesmas persoas para falar do mesmo. Mentres oíu unha conversa da que procuro afastarme fago cálculos de canto lle custará a esta empresa, na que todos somos asalariados, o tempo investido en dar un paso, nunha toma de decisión. Na mesa estamos sentados directivos de primeiro nivel, entre os cales o meu custo por hora é o máis baixo, e non é precisamente o dun operario. Moito diñeiro. Quizais custen dúas horas de reunión un diñeiro suficiente para manter unha familia unha semana? Quizais un mes, se necesitamos varias reunións. Enfádome. Movo os dedos dos pés dentro dos zapatos, os das mans no peto da americana. Miro detrás dos seus ollos, para que pensen que os atendo. Eu xa sei cal é a saída. Súbveno cando se fixo a formulación, hai días. Pero non me escoitarán. Cren que pensar á présa é precipitarse. Eu creo que pensar de vagar é un síntoma de estupidéz.

Nota do director:

Na editorial do nº 18 de Maremagnum (2014, PP. 7/9) dicíamos do artigo de Carmen Molina: "Descender aos infernos" (PP. 57/63), que supuña: "Unha primicia. Unha colaboración moi especial, que a autora nos ofreceu desde a súa emoción de persoa con síndrome de Asperger". No artigo narra: "As súas vivencias (feitos reais) en momentos concretos da súa vida tal como lle sucederan e por ela contados". A verdade é, que quedamos cas ganas de que Carmen nos ofrecese mais vivencias, abusando dunha amizade e sintonía

Cando era unha nena divertíame ler ás agachadas, devorar libros con historias impropias da miña idade, tiña fame de palabras. Gustábame comer, comer, comer palabras, e logo convertelas en imaxes. Facer desas imaxes persoas e desas persoas os meus compañeiros de viaxe, de mesa, de faladoiro cando desaparecía no armario do corredor para que non me molestasen con cousas de nenos. Tiña seis anos. Non podía explicalo, por iso non quería falar. Como dicirlle á miña nai que a atopaba simple, como usar palabras de adultos cando tiña que pensar en patíños que facían cuá cuá, en lobos que comían nenas e en porquiños que facían mal as casas podéndoas facer ben.

O *do Círculo* (Círculo de Lectores, club de lectura e adquisición de libros), ese si que sabía. Cada mes viña á casa e explicáballe ao meu pai que libro era a última novidade ou que contidos eran interesantes. Eu escondíame detrás do meu pai e cruzaba os dedos para que comprase un libro grande, con grandes historias, con grandes personaxes, con grandes ilustracións. Logo soñaba, e levantábame somnábula, e non podía descansar nin pensar máis que nese libro, que tan pronto fose abandonado nun estante, iría recoller e devorar o seu contido.

Naquel tempo eu estaba desolada. Cría nacer nunha familia na que todos os seus compoñentes tiñan algún tipo de atraso. Tardaban tanto en darse conta de algo, ocupábanse de banalidades, manexaban unha linguaxe simple e funcional e non aprendían nada. Non sabían que atesourar palabras e convertelas en imaxes que se movesen no noso cerebro era un gran pracer... Querían que saltase, que me unise a nenos asilvestrados que berraban polo gusto de oírse a si mesmos, que se golpeaban entre eles. Definitivamente era un mundo de tolos. Eu refuxiábame en cada canto que atopaba, xa fose na casa ou na rúa. Para observar e intentar comprender por que pensaban tan devagar.

que compartimos con unha amiga común M^a Xosé Porteiro (colaboradora nas páxinas culturais de *Maremagnum* 2015, co artigo: “Breve achega ao pensamento feminista e social de Concepción Arenal”).

Neste n^o 19 (2015) da revista, dedicado a síndrome de Asperger, tiña necesariamente que dar cabida, obviamente, ás persoas que máis saben deste trastorno. As persoas Asperger, tal como elas mesmas así se definen. Unha nova proposta foille feita a Carmen Molina. A súa xenerosidade é tan grande que colabora neste n^o por partida dobre. Un artigo vivencial: “Porque pensan tan amodo”, e outro máis académico: “Muller e Asperger dobre estigma”. Pero por se isto fora pouco, unha amiga súa, Angélica Partida Hanon, persoa Asperger, nos agasalla con outro artigo: “Intentando ser normal”. As dúas colaboracións agrupeinas co título: “As persoas con Asperger fan achegas á Síndrome de Asperger”. Desde a dirección da revista, só podemos dicirlle a Angélica o que no seu momento lle dixemos a Carmen “Grazas Angélica”, pola túa brillante colaboración.

1 Ver o CV da autora na páxina 21, no artigo: “Muller e Asperger dobre estigma”.

Moitos anos despois souben que eu era unha *autista lista*, e que esa era a razón da miña estraña forma de ser. Estraña eu!, que era a única normal nun mundo de tolos. Se as probas estaban por todas as partes. No instituto, os meus compañeiros de clase tardaban case un ano en adquirir os coñecementos de libros que eu devoraba en poucas semanas; algúns profesores pasaban a hora de clase lendo o libro de texto da materia e preguntando de cando en vez, entendéstelo? E eu tiña que irme, fuxir para non lles dicir, *como non o imos entender?, non somos imbéciles*. A escapar ante a estupidez humana de quen ha de ser mestre e superior a un en coñecementos e experiencia, chamábaselle latar, correr a escola. Estaba moi castigado, e non se podía facer. Nunca o entendín. Sigo sen entender por que os sistemas de ensino se empeñan en torturar o intelecto en lugar de promover a creatividade, o desexo de aprender, a vontade de crecer en coñecementos e en habilidades. Cando vexo nos meus fillos como é suficiente memorizar unhas follas, aprender como papagaios unhas definicións, para obter unha acreditación de madurez, séguenme entrando ganas de saír fuxindo.

Pero xa non escapo. Agora xa sei que o problema son eu. Sóubeno cando tras unha avaliación no instituto obtiven un certificado de sobredotación intelectual, á que seguíu a do médico de empresa, a do psicólogo correspondente... Iso debía ser como o do diagnóstico de autista lista, algo que me faría, por sempre, diferente. Para ese entón eu era adolescente e estaba asustada, quería ter amigos e panda, quería saír con rapaces que me visen guapa. Guapa, que non lista. O meu cerebro estorbábame, así que era mellor finxir ser coma eles. Deixei de ler, deixei de escribir, e non fun feliz. Sufría ansiedade. No meu cerebro algo non ía ben. Tiña fame de pensamentos. Perdinme nunha desorde vital entre non ser e ser, entre finxir e fuxir de todo. Despois fíxenme adulta.

E caín nun mundo estraño. Ser superior, destacar en algo, é o maior pecado que pode cometer o ser humano. A sociedade busca a uniformidade, compadece o inferior e envexa e odia a partes iguais o que é superior. Así están as cousas. Negalo non fai que cambien. Solomon Asch, un psicólogo polaco que na década dos cincuenta fixo un curioso experimento, corroborou o que digo. Finxindo facer un test de visión presentou unhas tarxetas con tres liñas desiguais e entregou unha tarxeta cunha soa liña que había que sinalar como a igual a unha e solo unha das outras tres. Non había lugar á dúbida, e en circunstancias neutras os participantes identificaban sen dificultade o resultado correcto. Pero que pasaba cando se introducía un elemento que sementaba a dúbida? O 75 % dos participantes uníronse á opinión da maioría, fose esta correcta ou non. Ao lles preguntar a razón, afirmaron recoñecer que a súa visión lles dicía unha cousa pero que finxiron para non destacar fronte aos seus compañeiros, e mesmo houbo suxeitos que ante a opinión da maioría pensaron que sufrían un defecto de visión e que o problema era derivado dunha deficiencia persoal. Vi-

ríame ben coñecer ó profesor Asch para non cometer tantos fallos, polos que paguei un alto prezo.

Imaxínense a si mesmos percibindo o que outros non ven, seguros de que son nalgunhas cousas máis hábiles, crendo que é misión súa ofrecer esa, chamémoslle sabedoría para mellora de todos. E sendo castigados, illados, acosados, estigmatizados por iso. Esa é a vida dos que sendo capacitados son separados da sociedade, percibidos como raros, mirados con receo. Quero que isto remate. Pero non quero deixar de ser eu. Así que non vai suceder, nunca vai rematar a etiqueta, o estigma, o illamento.

Por iso calo cando estou nas reunións, gárdome o que penso, o que leo, o que percibo e, a miúdo tamén o que escribo. Levo zapatos grandes para poder mover os dedos dentro e non perder os nervios. Poño roupa deportiva para deambular polas rúas e que pensen que son deportista e estou a escoitar música mentres que, en realidade, oio podcast de historia antiga.

Gústame *ser lista*, encántame descubrir e admirar xenios anónimos ou reais, bebo dun texto ben escrito, dun faladoiro ben levado, e hoxe por hoxe mesmo me recreo nos meus *despistes da idade*, porque por fin, por fin!, cincuenta anos despois sinto que non recordo todo. Recordan aquela canción dos Peter Sellers, na que describían un compañeiro que lía o *Quijote* mentres os demais gozaban cos contos, que contestaba en clase, que aprobaba os exames? Era o (*sic*) Intelectual.... Cabrón... Os que sufriron no cole pola envexa de ver os seus éxitos académicos, búrllanse na xuventude del, que non liga, nin monta festas divertidas e quedou só.

Histrionismo a parte: *verdade*, *verdadeira*, que diría aquel. E unha proba máis de que non se respectou, non se respecta e non se respectará, creo eu, a diversidade e con iso a humanidade sairá, sempre, perdendo.

Tentando ser normal

Angélica Partida Hanon¹

Toda a vida fun forzada a ser normal, a escoitar que iso é bo para min e que debería esforzarme máis. A lotería xenética dotoume dunha capacidade altísima para atopar patróns e sacar puntuacións fóra da escala nos test de intelixencia, pero son completamente incapaz de facer as cousas que fan os demais, incapaces completamente de ter unha vida normal.

Grazas á miña facilidade para atopar patróns, puiden facer cursos universitarios con catorce anos tras a dura peregrinaxe que emprendín de colexio en colexio; pero por outra banda, nunca puiden adaptarme ao sistema tradicional de ensino. Iso fixo que pasase por máis de once centros educativos distintos e deixar aos meus pais ao borde da ruína a consecuencia do pagamento das matrículas en colexios privados.

1 Cursa na actualidade os doutoramentos en Bioquímica, Bioloxía Molecular e Biomedicina. Universidade Complutense de Madrid; Grao de Psicoloxía UNED. Máster en Bioquímica, Bioloxía Molecular e Biomedicina UCM (2014); Grao en Bioloxía, mención Biotecnoloxía UCM (2013); Enxeñería en Telemática, especialidade en Redes. Universidade do Caribe, México (2006).

Experiencia científica: contratado titulado superior de actividades técnicas e profesionais. Instituto de Química-Física “Rocasolano” Departamento de Química Física Biolóxica CSIC (2014/15); colaborador honorífico Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular I UCM (2013/14); estudante de colaboración Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular I UCM (2012/13); estudante visitante Department of Genetics University of California, Riverside USA (2013); Visiting worker Rothamsted Research BBSR United Kingdom (2012).

Proxectos de investigación: actividades de apoio á investigación no marco do programa de actividades I+D da Comunidade de Madrid en Biomedicina Comité de Xestión do Programa S2010/BMD-2305 acrónimo CS Interactomics do Centrosoma. Ministerio de Economía y Competitividad; Identifying Potato Aphid Effector Molecules That Are Delivered Into The Tomato Host During Feeding. University of California, Riverside. USA; Producing Low Acrylamide Risk Potatoes. Biotechnology and Biological Sciences Research Council. UK.

Publicacións: Involvement of loops 2 and 3 of α -sarcin on its ribotoxic activity. Toxicon, 2015; Ingeniería de proteínas. Omnia, Asociación Mensa España, 2014; Simulando el crecimiento tumoral para obtener tratamientos más eficaces. Reduca, Sección Congresos, 2012; Desafiando al genoma: Cromosomas parásitos. Reduca, 2011; Elaborando un sistema de diagnóstico intelixente: riesgos y ventajas. Reduca, 2011; Bioenergética, parte 1 y parte 2. Omnia AME, 2010; Ciclo de Krebs, parte 1, 2 y 3. Omnia AME, 2010 y 2011; Reproducción sexual: La clave la tiene la reina roja. Omnia AME, 2011; Glicolisis. Omnia AME, 2011; Sistema experto para determinar plantas vasculares. Reduca (Biología), Serie Bioinformática, 2009; Microbiology and artificial intelligence. Telicom. ISPE Society, 2009.

Estancias en centros recoñecidos internacionalmente: “Actividades de apoio á investigación no marco do programa de actividades de I+D da Comunidade de Madrid en Biomedicina. Comité de Xestión do programa S2010/BMD-2305 acrónimo CS interactomics do centrosoma. Ministerio de Economía e Competitividade. Instituto de Química-Física “Rocasolano”. CSIC. Madrid; “Producción y caracterización de ribotoxinas fúngicas”. Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular. UCM; “Identificación de

Durante a miña infancia descoñecía realmente por que me rifaban tanto, o meu nivel de consciencia sobre as persoas que me rodeaban era total e completamente nulo, iso provocaba en min condutas auto e heterolesivas, as perronchadas e as agresións eran constantes pero eu non os vía como tal. Só sei que había moita dor por todo, doíanme os oídos, doíame cando me tocaban de determinada forma, doíame sentir as costuras, as mangas e os pregamentos da roupa e non sabía como ou por que, pero terminaba de súpeto no chan berrando e chorando, rompendo todo o que estivese ao meu alcance e frustrándome máis. O meu pai díxeme que o debín dicir, pero eu como ía sabelo? Como ía saber que era o ruído o que tanto me torturaba ou o frío ou calquera outra molestia existente? Só estaba incómoda pero non sabía por que. Actualmente ségueme pasando, atópome mal e non sei se é porque teño fame, voume arrefriar ou estou tensa por entregar un traballo.

“Eras unha auténtica cabrona” díxome o meu pai, non creo que no mal sentido pero é certo que o fun. A miña irmá dedicábase exclusivamente a min, facíame debuxos, regalábame cousas, mostrábame sempre o seu cariño e eu non facía máis que ignorala, non saía de min xogar con ela ás bonecas e tampouco

moléculas efectoras en áfidos durante a alimentación”. University of California USA; “Producing Low Acrylamide Risk Potatoes. Harpenden UK.

Presentación a congresos: “Simulando el crecimiento tumoral para obtener tratamientos más eficaces”, “Desarrollando un sistema de diagnóstico inteligente: riesgos y ventajas”, “Desafiando al genoma: Cromosomas parásitos”, “Microbiología e Inteligencia Artificial”. IV, V e VI Congreso Nacional de Investigación para Alumnos de Pregrado en Ciencias da Saúde, 2010/11/12. UCM; “Emulador virtual MOS 6510”. Universidad del Caribe. Cancún México, 2006; “Sistemas de Cómputo del Hubble”. Universidade do Caribe, 2004.

Experiencia en organización de actividades I+D: organización de congresos, seminarios, xornadas etc., científico-tecnolóxicos na UCM, Circulo de Belas Artes e Casa de Zamora, 2008, 2012 e 2013.

Experiencia docente universitaria: colaboradora honorífica 3.º grao de Química. Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da UCM.

Formación complementaria: cursos sobre: Xenética, Farmacoloxía, Bioinformática, entre outras materias na University of Melbourne (Australia); University of California San Francisco e Los Ángeles USA; Johns Hopkins University USA; Ludwig-Maximilians-Universität München (Alemaña); University of Pennsylvania (USA);

Outros méritos: colaborador distinguido en Vertex Society (2012); Mellor comunicación científica no V e IV Congreso Nacional de Investigación para Alumnos de Pregrado en Ciencias da Saúde, 2011 e 2010.

Bolsas: contrato predoutoramento de persoal investigador en formación, 2014. UCM (rexeitado por incompatibilidade co contrato laboral do CSIC do 2014); Real Sociedade Española de Química, sección territorial Madrid, 2014; Emes da Comunidade de Madrid, 2010/11/12 e 13; Fundación Privada Prevent, 2011/12/13 e 14; Ministerio de Educación e Ciencia e Fundación Universia.

Cartas de recomendación con relevancia científica: Universidade do Caribe; Rothamsted Research UK; Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular UCM;

saía de min dicir “non me gusta xogar ás bonecas, non me gusta xogar a cocinñar, só quero ler os meus libros ou xogar na miña randeeira” esas cousas tan simples e que tanto me pedían os meus pais non fun capaz de dalas, non fun capaz de dicir que necesitaba; en cambio, estalaba en pranto, rabia e dor por non ser capaz de saber o que había que facer. O meu pai dime que algo tan fácil como dicir “faimo moito dano o ruído” se solucionarían cuns tapóns en lugar de ter que tapar os oídos coas mans durante a misa dominical e parecer unha auténtica malcriada porque facer iso en fronte dos demais é socialmente inaceptable. “Non fagas cousas boas que parezan malas” é outra das frases que me dicían constantemente. Como ía saber que ler ou debuxar debaixo da miña cama parecería malo? Como ía saber que el nunca dicía o que facía, pensaba ou escribía e ser tan críptica coas miñas accións e non explicarme se podería interpretar como algo que ocultaba deliberadamente? O problema radica especialmente no descoñecemento que había do tema, en explicar todos os meus comportamentos como froito da maldade, porque visto así si que podería ser moi, moi mala. Unha nena que berra e chora tanto, que se golpea a cabeza contra o chan, coa parede ou coas mans, unha nena que se oculta debaixo da cama ou nos armarios, unha nena que nunca quere xogar coa irmá que lle profesa tanto amor debe ser mala... ou simplemente podía ter autismo como ben sabían/pensaban/dicían os meus pais, tíos e profesores.

Tentar ser normal e loitar en contra da miña natureza tróuxome moitísimo sufrimento, tentar ter parella e verme obrigada a saír con el e que iso me provocase ataques en plena rúa e as posteriores leas porque supostamente non facía un esforzo suficiente por encaixar; do mesmo xeito, o angustiarme tanto coas reunións familiares multitudinarias e ter que refuxiarme nunha habitación baleira, o ter que renunciar ao meu estado de homeostase por ser como a maioría é o que me rompeu por dentro. Por unha banda o meu nivel cognitivo fixo que a xente esixise máis do que podía dar, o típico “tan lista, tan lista, tan lista e logo...” é habitual, o clásico “tan lista para unhas cousas e tan inútil para outras” ou tamén o “faste a parva cando che convén” son constantes nunha persoa que vive encerrada nunha mente superdotada e un corpo autista. Agora son adulta, con moitísimo traballo e esforzo conseguín facer a carreira de Bioloxía e agora estou a realizar a tese. Grazas ás persoas que entenderon a miña forma de ser, o meu traballo está completamente adaptado e puiden aceptar que nunca poderei ter unha vida como a dos demais. Dou por imposible o feito de casar algún día e ter fillos, facer o papel dunha nai e esposa normal, pero non importa! Xa non teño por que esforzarme en ser normal!

Conseguín un pacto coa sociedade, eu sigo as súas normas fóra da miña casa. Vístome dunha forma compatible entre o que tolero e o medianamente elegante, non berro no metro nin nos autobuses, se vou ter unha crise en plena

rúa aguento todo o que podo ata chegar a casa ou ao meu traballo, evito certas liñas de metro e saír a determinadas horas e con tapóns. A clave da miña vida adulta foi esa: atopar un equilibrio entre o socialmente aceptable durante un número limitado de horas para logo encerrarme na miña casa e ser realmente quen son.

MULLER E ASPERGER DOBRE ESTIGMA

Carmen Molina ¹

RESUMO

O presente artigo trata de conducir ao lector dende a toma de conciencia á reflexión sobre a situación de diferenza social da muller, pasando pola especial vulnerabilidade da muller con discapacidade e a súa atención sociosanitaria, chegando á caracterización e contextualización social da nena/muller con Síndrome de Asperger, un Trastorno do Espectro do Autismo que é especialmente ignorado no caso feminino pola súa importante diferenza co estereotipo masculino (que é considerado como xeral referencia do trastorno) e concluído cun apartado testemuñal no que a autora relaciona tres estereotipos sociais que resultan especialmente discriminatorios para a muller con Trastorno do Espectro do Autismo (en adiante TEA) e dos riscos agravados polo dobre estigma de ser muller e Asperger. Unha conclusión positivista ábrenos unha porta de saída cara ao recoñecemento da diversidade humana como elemento de crecemento e non de discriminación.

- ¹ A autora posúe o Grao de Deseño da Escuela de Artes y Oficios Artísticos de Madrid. Master en Recursos Patrimoniais e Turísticos e Master en Xestión Cultural e industrias culturais (2012). Dirección de marketing turístico e social; Xestora e Auditora de Sistemas de Calidade e Medioambiental e Administración; Creación de cursos de e-learning e usuaria avanzada en Marketing. Subdirectora do Museo do Ferrocarril de Madrid. Subdirectora de Desenvolvemento Corporativo e Comunicación da Fundación dos Ferrocarriles Españoles (FFE). Administrativa en Renfe e Fundación dos FFE. Subdirectora de Desenvolvemento Corporativo, Xestión e Marketing na Fundación dos FFE. Subdirectora Museo do Ferrocarril. Mellora na comercialización de trens de turismo cultural. *Actividade docente:* Seminario para a sensibilidade da calidade na Fundación dos FFE e no Museo do Ferrocarril. Profesora invitada no Master de Comunicación e Museos na Universidade de Zaragoza (2009). Profesora titular no Seminario Internacional “Musealización do Patrimonio Ferroviario (Santa Cruz de la Sierra, Bolivia, 2010). *Publicacións:* Catálogo para un equipo: case que 50 técnicas para traballar con grupos; Plataforma Dinamiza+2: empresas visibles na rede (2011); Cómo ensinar o obxecto cultural: atención a diversidade.

Carmen Molina, é presidenta da Asociación Sinteno para o Lecer e a Inclusión Social. Convencida defensora de que a discapacidade non debe ser tratada como un estigma e que para evitalo hai que transmitir

Ser muller non é doado

Ser muller non é doado. Incluso en países do ámbito occidental, previsiblemente comprometidos coa igualdade de xénero a muller ten maiores dificultades para acceder ao emprego de calidade, aínda estando mellor formada academicamente. A igualdade no fogar é aínda un mito difícil de alcanzar; máis declarativo que baseado en feitos reais e de compromiso no seo da familia. A violencia de xénero golpéanos nos medios de comunicación un día si e outro tamén como unha lacra case imposible non xa de erradicar, senón de diminuír nas estatísticas. Por non falar do que sucede en países afastados da órbita occidental, onde as sociedades son maioritariamente machistas e as mulleres consideradas meros obxectos de tráfico humano e traballo escravo.

E non obstante, non son menos as mulleres que os homes no índice poboacional. Lonxe xa do nesgo machista certamente falso, que afirmaba que había cinco mulleres por cada home, o Instituto Nacional de Estatística, no *Anuario Demográfico de 2014* dinos que en España o 1 de xaneiro de 2013 existía unha poboación feminina de 23,71 millóns fronte a 23,02 millóns de homes. Isto é paradoxal. Como é posible que sendo maioría poboacional a muller sexa aínda considerada individuo de *diferente categoría*? Sería o desexable poder afirmar que os avances en igualdade de xénero son notables pero –aínda sendo constatables e reais en certa medida– a vida cotiá enfróntanos a cada paso con situacións de discriminación que levan a pensar en que, se ben a muller occidental en xeral e a española en particular, son privilexiadas fronte ás súas compañeiras de países en vías de desenvolvemento ou islámicos, aínda queda moito por facer a favor da liberdade, a seguridade e o exercicio dos dereitos fundamentais na poboación feminina.

Por achegarnos ao obxecto do presente artigo, imos facer dous apuntamentos superficiais baseados en estudos realizados no noso país sobre nesgo de xénero en dous ámbitos: o sanitario e o da discapacidade.

Falemos de xénero no ámbito da atención sanitaria

As autoras *M. T. Ruíz-Cantero* e *M. Verdú Delgado* do Departamento de Saúde Pública da Universidade de Alacante realizaron un interesante estudo sobre xénero e atención sanitaria: *Sesgo de género en el esfuerzo terapéutico*,

a sociedade o valor da diversidade como elemento de crecemento e supervivencia, algo que coñece de primeira man dada a súa condición de persoa Asperger. Ver o CV completo da autora no nº 18 de Maremagnum: “Descender a los infiernos” (2014, PP. 57/63).

Ver o CV completo da autora no nº 18 de Maremagnum. Artigo: “Descender aos infiernos” (2014, pp.57/63).

no que poñen de manifesto que na práctica médica, dominada polo androcen-trismo, utilízanse prototipos masculinos como obxecto de estudo e os resulta-dos obtidos son extrapolados de forma automática ao sexo feminino, coma se de organismos bioloxicamente idénticos se tratase. Aínda que é este un pro-blema actualmente recoñecido, o certo é que os ensaios clínicos en mulleres se orientan principalmente ao que afecta á natureza reprodutiva feminina e non ás enfermidades ou disfuncionalidades xerais, nas que aínda se segue mantendo o patrón masculino obviándose as posibles connotacións específicas que por razón de sexo se puidesen dar. Con elo deixase a muller fóra dunha atención propia non estandarizada no modelo masculino, colocándoa nunha potencial si-tuación de inferioridade ou vulnerabilidade, mesmo nos casos nos que a pre-valencia da enfermidade é claramente feminina.

Polo que respecta á atención sanitaria, resulta significativo sinalar a supe-rior prescrición de medicamentos relacionados cos estados de ánimo nas mu-lleres sobre os homes, e na medicación asociada a trastornos psicolóxicos cando a paciente muller transmite síntomas atípicos ou non estudados sufi-cientemente, como consecuencia do androcen-trismo xa mencionado nos estu-dos médicos. Tamén é un feito probado que moitos dos malestares evidencia-dos pola muller e tratados como trastornos psicolóxicos medicables con psicotrópicos son derivados das dificultades ás que se enfrontan no seu día a día debido a situacións discriminatorias que lle esixen sobreesforzos na súa vida cotiá e frustracións constantes que derivan en procesos de somatización.

Por resumir quedemos con estas dúas ideas: unha, na práctica científica mantense aínda nos nosos días o androcen-trismo nos ensaios e estudos médi-cos. E dous: as mulleres presentan unha maior sobreprescrición de psicótropos para tratar malestares emocionais relacionados polas súas maiores dificultades vitais.

Preguntámonos, que sucede cando a condición de muller se une a da dis-capacidade?

O CERMI (Comité Español de Representantes de Persoas con Minusvali-dez), xa nos seus estudos de 2012 recollía o dato arrepiante de que o 80 % das mulleres con discapacidade sufría violencia nos seus ámbitos familiares e que esta situación se agravaba nos casos en que as mulleres con discapacidade es-tuveran institucionalizadas (ingresadas nunha institución asistencial) xa que neste ámbito o espectro dos seus posibles maltratadores se ampliaba aos coi-dadores e persoal asistencial. Contemplábase como situación de violencia por razón de sexo a sobreprotección da muller discapacitada, que é recluída no ámbito familiar con maior frecuencia que os seus iguais masculinos, sen permitirlle alcanzar vida autónoma con ou sen apoios, decidir sobre a súa vida

sentimental e a súa maternidade, e mesmo sendo utilizada como empregada de fogar non remunerada. Nestes casos a violencia de xénero pon o lanuxe de punta pola situación vulnerable da muller con discapacidade, pola gran variabilidade da casuística no maltrato, e por provir este daqueles que deberían buscar a súa maior calidade de vida e autonomía.

O Asperger en clave de muller

A síndrome de Asperger é un Trastorno do Espectro do Autismo que se manifesta dende a infancia do individuo e que está caracterizada pola dificultade para percibir e xestionar a comunicación social, o uso dunha linguaxe hiperformal e literal, a dificultade para comprender en todo ou en parte a comunicación non verbal, a manifestación dun pensamento visual e unha memoria baseada en detalles, a construción de todo o concepto abstracto baseándose na acumulación dos partes informativos, e a híper ou hiposensibilidade aos estímulos visuais, táctiles ou sonoros, todo iso xunto á preservación da capacidade intelectual ou incluso a existencia de maior porcentaxe de individuos con sobredotación intelectual sobre os existentes na poboación xeral. En España non existen aínda estudos estatísticos con rastrexabilidade no tempo; nin tampouco se pode dicir que as deteccións temperás, aínda mellorando nos últimos anos, son suficientes nin alcanzan a totalidade da poboación infantil. Ademais, os diagnósticos en adultos non están adecuadamente xestionados e un bo número de persoas con Asperger mantéñense fóra de seguimento e vivindo unha vida preñada de dificultades sen contar cos apoios aos que teñen dereito. Por caracterizar numericamente a posible poboación española con Síndrome de Asperger, imos basearnos nos datos da Rede de Vixilancia do Espectro Autista de EUA, que informa de que 1 de cada 88 persoas nadas no mundo manifestarán algún Trastorno do Espectro do Autismo en calquera dos seus graos. Isto, aplicado á poboación española do ano 2013 botaríanos a cifra de 533 mil españois dentro do TEA, se ben se debe insistir no feito de que os datos estatísticos varían enormemente en función dos niveis de diagnóstico de cada país.

Sucedo o mesmo no que respecta á prevalencia home/muller?

Se ben durante décadas se pensou que a Síndrome de Asperger era un trastorno maioritariamente de homes, isto foi debido á masculinización do proceso diagnóstico, ata o punto de que non existen aínda tests de diagnóstico especializados na muller/nena Asperger a pesar de ser ben coñecidas as diferentes manifestacións da síndrome en ámbolos dous sexos. Queda, pois, un importante camiño por andar no que respecta ó diagnóstico axeitado e por sexo, aínda que todas as hipóteses parecen dirixirse ao feito de que a síndrome de Asperger non distingue na súa manifestación entre mulleres e homes, aínda que si é

ben diferente o tipo humano Asperger muller fronte ao seu homónimo masculino. Podemos ver resumidas na infografía anexa as diferenzas home/muller Asperger:

A nena/muller Asperger pasa desapercibida na sociedade moi por riba dos nenos/homes, e iso é debido a que elas contan con maiores capacidades para a imitación de roles sociais e ademais a súa natureza feminina fai-lles ter intereses de participación no grupo por riba dos seus compañeiros masculinos. Tamén a súa teoría da mente está mellor xestionada, o que lles fai parecer máis empáticas e implicadas no seu círculo próximo. Isto, lonxe de ser unha vantaxe convértese con frecuencia nunha maior vulnerabilidade.

Pensemos en que a sociedade xeral tende a non comprender a discapacidade que non está vinculada cunha dificultade física ou intelectual, e ningunha destas se dá claramente nas persoas con Asperger en xeral e é menos visible aínda, na muller con TEA. O descoñecemento do trastorno, o infra-diagnóstico e a frecuente asociación da comorbilidade derivada con trastornos psicolóxicos asociados erroneamente á condición de muller, fan que unha primeira vantaxe se converta unha vez máis nunha situación discriminatoria para elas.

A muller Asperger, ademais de ser moi diferente do home, é tamén moi diferente das súas compañeiras de sexo, ben sexa polo seu diferente aspecto, ben polos seus intereses. Adoita ser unha persoa pouco preocupada polas modas, tendente a vestir de forma cómoda, con roupa ampla, principalmente por razón de hipersensibilidade ao tacto. O seu manexo da linguaxe hiperformal e literal fai-lle parecer distante e as súas condutas son frecuentemente cualificadas como extravagantes. Isto leva consigo un illamento entre a súa propia comunidade natural, que non acepta como unha igual a este tipo de mulleres tan *pouco femininas* fronte ao estereotipo tradicional.

Asperger e muller: dobre estigma

Vexamos a continuación como algunhas das características da síndrome de Asperger, unidas aos estereotipos sociais que lle esixen á muller condutas di-



ferentes aos homes, estigmatizan dobremente á muller TEA levándoa a unha situación permanente de incompreensión, angustia e necesidade de reivindicación da súa natureza e defensa de dereitos, sufrindo, esta vez si, enfermidades comórbidas que non existirían se se dese un bo diagnóstico e uns apoios axeitados. Tres estereotipos e dúas situacións de risco extremo ilústrannos:

Estereotipo n.º 1: a sociedade espera da muller unha maior percepción emocional e sentimental

A alexitimia é unha característica da síndrome de Asperger. Consiste na dificultade para recoñecer e expresar as emocións e os sentimentos dos demais e os propios.


Que ve a sociedade na muller Asperger? O ámbito percibe unha muller fría, sen empatía, indiferente ante a súa parella, desentendida dos seus fillos.

Que sente a muller Asperger? Non entende as reaccións dos demais xa que descoñece a súa orixe, non comprende o odio fronte a uns comportamentos que ela non percibe como insensibles; sofre e sente angustia.

Estereotipo n.º 2: a sociedade acepta como natural a distancia ou frialdade social nos homes e rexéitaa nas mulleres; e á vez presupón que a muller desexa de forma natural o contacto físico e as caricias.

A sinestesia (confusión sensorial), unida á hipersensibilidade aos estímulos sensoriais, xera situacións que poñen en posicións altamente vulnerables a muller con TEA cando se intenta incluír no espazo social e no espazo íntimo da relación de afecto en parella ou familia.

estratexias de prevención (p. e., das crises de ansiedade), e (4) a necesidade de ampliar os recursos de apoio que permitan afrontar eficazmente os problemas de saúde mental e as súas consecuencias, tanto nas situacións de crises como no resto de situacións, e tanto nos servizos sanitarios especializados como no conxunto das contornas nos que habitualmente se desenvolve a persoa (familia, centros educativos e de emprego etc.).

Formulación

No presente traballo, partimos da idea de que presentar problemas ou trastornos de saúde mental (1) é unha situación extremadamente significativa na vida de calquera *persoa* e dos seus achegados, que limita, condiciona e pode chegar a distorsionar gravemente o modo en que a persoa percibe, interpreta e actúa en *os distintos ámbitos da súa vida cotiá*; (2) é unha situación que, a tenor do mandato das normas internacionais, debería poder ser diagnosticada e tratada adecuadamente *tamén* no caso das pcSA; (3) é unha situación que, como vimos, *non* parece ser a excepción senón a regra nas pcSA; (4) é unha situación que segue estando *escasa e/ou erroneamente diagnosticada* nas pcSA, o que está supoñendo que, en moitos casos, os problemas *non están sendo tratados* en servizos ou por profesionais especializados en saúde mental, e que as familias e achegados, e as propias pcSA, *carecen de pautas e orientacións específicas* sobre como anticipar ou como actuar en relación con estes problemas; (4) é unha situación por si mesma *indeseable*, na medida en que (a) incrementa os de por si xa altos niveis de ansiedade e estrés que experimentan as pcSA e con outras discapacidades do desenvolvemento, (b) pode provocar á súa vez problemas de saúde mental de familiares e profesionais, (c) vai en detrimento de a calidade de vida persoal e familiar, e (d) limita a posible efectividade dos programas de intervención ou de apoio (Baxter, Cummings e Yiolitis, 2000; Hastings 2002; Orsmond et ao. 2003; Most, Fidler, Lafforce-Booth e Kelly, 2006; Baker, Seltzer e Greenberg, 2012; Griffith e Hastings, 2014).

Por todo iso, propuxémonos elaborar unha *proba de autoinforme* que poida facilitarlles ás pcSA e aos seus familiares a identificación dos trastornos ou problemas clínicos que máis dificultan ou interfieren o funcionamento destas persoas na súa vida cotiá, e o seu obxectivo último é non tanto o diagnóstico clínico *formal* de problemas específicos, senón *a toma de conciencia sobre a súa eventual diversidade na persoa e a toma de decisións conxuntas* (dos familiares, os profesionais e as propias pcSA) sobre como afrontar as consecuencias cotiás de tales problemas e como deseñar plans persoais de apoio máis efectivos (Mohr, Curran, Coutts e Dennis, 2002). A información solicitada desta forma cremos que podería ser útil, en primeiro lugar, para as propias

pcSA, porque lles permitiría analizar e valorar introspectivamente, sen préesas e fóra da (case sempre moi estresante) contorna de consulta “clínica”, elementos dos seus comportamentos, e das súas emocións e crenzas asociadas, que interfíren no seu funcionamento cotián; esta identificación, consideramos que é conveniente, con independencia de que os problemas presentes cumpran ou non os criterios diagnósticos propostos polos actuais sistemas de clasificación diagnóstica (APA, 2013; OMS, 1992), e con independencia tamén de que fosen obxecto previamente (ou non) dun diagnóstico clínico formal. En segundo lugar, cremos que esta estratexia resultaría útil tamén para os propios familiares, profesionais e, en xeral, achegados da pcSA máis activamente implicados no deseño e posta en marcha dos seus plans persoais de apoios, porque, ademais de permitirilles *explicitar, organizar e compartir* unha información que ao noso xuízo resulta esencial para poder comprender o funcionamento real da persoa (de calquera persoa) nos distintos contextos, facilitaríalles conseguir orientacións específicas para afrontar mellor estas cuestións e incorporar de modo efectivo tales orientacións no plan de apoios.

A ferramenta de autoinforme, aínda que ten algúns inconvenientes, constitúe un método de avaliación da experiencia subxectiva e as respostas cognitivas do individuo tan adecuado e válido como outras estratexias de avaliación (ver De Las Cuevas e González de Rivera, 1992). O uso de autoinformes con persoas con TEA é tamén controvertido (Mazefsky, Kao e Oswald, 2011), aínda que, en distintos traballos, adolescentes e adultos con boa capacidade verbal e un nivel de funcionamento relativamente alto (pcSA) parece que autoinformaron adecuadamente sobre os seus puntos fortes e os seus puntos débiles (p. e., Blackshaw, Kinderman, Hare e Hatton, 2001; Berthoz e Hill, 2005; Farrugia e Hudson, 2006; MacNeil, Lopes e Minnes, 2009; Spek, Scholte e Van Berckelaer-Onnes, 2011; White, Kreiser, Pugliese e Scarpa, 2012).

Procedemento

Deseñouse un procedemento de elaboración desta ferramenta consistente en tres fases: (1) selección preliminar dos tipos de problema e indicadores obxecto de valoración no autoinforme; (2) reformulación e comprobación estatística da validez de contido dos indicadores da proba, e (3) comprobación da facilidade/dificultade de comprensión, e da fiabilidade da proba, tanto por grupos de profesionais como de familiares e de pcSA. Neste traballo, só se comentan os resultados da fase 1.

Selección dos posibles tipos e indicadores de problema obxecto do autoinforme

En primeiro lugar, levouse a cabo unha selección preliminar dos posibles obxectivos da valoración, organizados por categorías *de problemas e indica-*

dores condutuais, a partir dunha revisión crítica e exhaustiva de fontes documentais entre as que se atopaban o Manual DSM-5 (APA, 2013) e traballos referidos ao SA e a súa comorbilidade psiquiátrica (capítulos de libros e artigos publicados en revistas científicas, localizados na base de datos Psycinfo). Como xa se indicou máis arriba, o obxectivo foi cubrir unha ampla mostra de problemas máis que profundar nun tipo de problema específico (p. e., ansiedade, pensamentos autolíticos ou outros).

Tras contrastar esta primeira listaxe cun psicólogo especialista na atención clínica a pcSA (Javier Muñoz) e eliminar diversos ítems, as categorías e indicadores resultantes sometéronse á opinión dun grupo de 5 novos expertos, tamén en dúas fases⁵. Na primeira, os expertos valoraron a través dun cuestionario a *relevancia* para esta ferramenta de cada unha das categorías e ítems propostos, mediante unha escala tipo Likert de 1 a 4. Nese primeiro cuestionario, solicitóuselles tamén (a) que valorasen globalmente a pertinencia do deseño dunha ferramenta de autoinforme (tamén nunha escala tipo Likert de 1 a 4), e (b) que propuxesen outras categorías e/ou indicadores que, ao seu xuízo, resultaría tamén relevante incluír nesta ferramenta. Na segunda fase, os elementos propostos por estes profesionais recolléronse nun segundo cuestionario, que foi enviado e avaliado cos mesmos criterios que o anterior, polo mesmo conxunto de 5 expertos⁶.

Resultados e discusión

No Anexo 1 (paxinas 54, 55 e 56), preséntase a listaxe dos ítems dos cuestionarios 1 e 2 (categorías e indicadores) cuxa relevancia para unha ferramenta de autoinforme valorouse con polo menos 2 puntos (sobre un máximo posible de 4). Os ítems/indicadores desta listaxe, co que conclúe a fase 1 deste traballo, deberán ser aínda reformulados e validados estatisticamente con grupos máis amplos de profesionais, familiares e pcSA. Con todo, *grosso modo*, permiten facer algúns comentarios.

5 O noso agradecemento máis sincero a Pilar Martín Borreguero (H. Reina Sofía-Córdoba), Juana M^a Hernández (Equipo Específico de Alteraciones Graves del Desarrollo-Madrid), María Merino (Autismo-Burgos), Vicente Sánchez (H. Reina Sofía-Córdoba) e Jesús Sánchez (Ubica-Madrid).

6 Sen dúbida, un grupo composto por só 5 expertos pódese considerar exíguo. Porén, aínda non existen no noso país tantos profesionais que posúan formación clínica acreditada e experiencia no apoio directo (psicoterapéutico e/ou educativo) a pcSA adolescentes e adultas e aos seus familiares. Belinchón, Hernández e Sotillo (2008) facíanse eco desta situación e da necesidade de que os profesionais que traballan con estes colectivos nas organizacións e servizos non sanitarios amplíen a súa formación nestes temas e a súa coordinación cos especialistas do ámbito clínico (quen, a súa vez, recoñeceron tamén no mesmo estudo que deberían mellorar o seu coñecemento sobre as pcSA e as súas singularidades funcionais).

En primeiro lugar, comprobamos que as tres categorías de problemas que obteñen as puntuacións máis altas coinciden coas problemáticas mencionadas máis repetidamente na literatura, pero sobre as que, ata moi recentemente, non existían directrices nin orientacións que puidesen ser aplicadas polos profesionais e os familiares nas contornas habituais nos que se desenvolven as pcSA (e con outras formas de TEA). Por sorte, un texto específico (Paula, 2015) veu a cubrir parcialmente, pero con grande eficacia, esta importante lagoa.

En segundo lugar, comprobamos que os expertos consultados propuxeron primeiro, e valoradas como relevantes para esta ferramenta de autoinforme despois, problemáticas que apenas son mencionadas nas revisións sobre comorbilidade psiquiátrica do SA debido á súa baixa prevalencia estatística. Unha formulación centrada nas persoas e orientada a identificar os problemas que lles afectan na súa vida cotiá, con todo, facilita recoñecer que estes problemas tamén afectan en formas moi significativas a algunhas pcSA, polo que interesa asegurar que en ningún caso pasen desapercibidos ou resultan ignorados por quen tenta mellorar a calidade de vida persoal e familiar deste colectivo.

É moi posible en calquera caso que os indicadores referidos a problemáticas pouco frecuentes aparezan debido a que se traballou cunha mostra de expertos moi pequena e que na fase 2 de reformulación e comprobación estatística da validez de contido dos indicadores da proba sexan desestimados como indicadores do autoinforme final.

Finalmente, comprobamos e valoramos moi positivamente que o número de categorías e de indicadores é bastante reducido xa nesta primeira fase. Isto fai-nos ser optimistas na previsión de terminar presentando unha ferramenta de autoinforme que poida alcanzar os seus obxectivos (identificación dos trastornos ou problemas clínicos que máis dificultan ou interfíren o funcionamento cotián das pcSA), a través dun formato manexable que non requira un tempo elevado para a súa realización.

Doutra banda, a puntuación media dada á pregunta de se consideraban útil unha ferramenta de autoinforme para os fins foi de 3,6 (tamén sobre unha escala de 4). Este resultado avala a nosa impresión de que é urxente desenvolver ferramentas que axuden a romper a brecha que aínda se detecta (polo menos no noso país) entre a atención que lles ofrecen os especialistas clínico-sanitarios ás pcSA e as súas familiares respecto “destoutros” problemas asociados ou comórbidos ao SA (aínda minoritaria e irregular) e a atención que ofrecen os organizacións e servizos de apoio, desde enfoques cada vez máis centrados nas propias persoas e as súas familias, en contornas cada vez máis diversas e inclusivas, e con metodoloxías cada vez máis colaborativas. Ferramentas como a que pretendemos desenvolver, ademais, cremos que facilitarían, tamén, a coordinación dentro e entre os servizos sanitarios e educativos (especialmente, nal-

gunhas áreas da nosa xeografía e algunhas contornas –p. e., localidades pequenas e algunhas comunidades– onde a dita coordinación é aínda insuficiente).

Contar só cunha mostra moi reducida de expertos (N=5) non permite, obviamente, extraer conclusións moito máis definitivas, pero si, polo menos, confirmar que urxe seguir avanzando cara a enfoques que incorporen e aborden aspectos tan significativos do funcionamento das pcSA (e de calquera persoa) como poidan ser os problemas, nunca insignificantes ou irrelevantes, de comportamento e saúde mental.

ANEXO 1

CATEGORÍA	Media puntuacións. Relevancia da categoría para a ferramenta	INDICADOR	Media puntuacións. Relevancia do indicador para a categoría
<i>ANSIEDADE</i>	3,9	Temor acusado e evitación persistente dun gran número de situacións sociais e actuacións públicas. Os temores son irracionais e excesivos.	3,8
		Fobias específicas a animais, lugares...	3,5
		Resistencia/rexeitamento persistente a saír lonxe de casa, ao traballo ou a outro lugar por medo á separación (non por resistencia aos cambios, inflexibilidade), por preocupación excesiva a que un acontecemento adverso cause a separación da figura de apego.	3
		Non falar en situacións sociais específicas nas que existe expectativa por falar, a pesar de facelo noutras situacións.	3
<i>DEPRESIÓN</i>	3,8	Diminución importante do interese ou pracer polas afeccións/intereses específicos/habituais, a maior parte do día ou case todos os días.	3,2
		Sentimentos de angustia, tristura e soidade.	3,2
		Sentimentos negativos sobre o pasado, presente e futuro.	3
<i>TRASTORNOS DISRUPTIVOS DO CONTROL DE IMPULSOS</i>	3,8	Respostas desmedidas e excesivas, produto da impulsividade, caracterizadas pola perda de control ante situacións e/ou persoas que provocan ansiedade no suxeito.	3,8

<i>ABUSO ESCOLAR OU LABORAL</i> ⁷	3,6	Acoso, burlas e intimidación por parte doutros	----
		Ser obxecto de maltrato verbal e humillacións.	----
		Ser excluído adrede das actividades dos compañeiros ou outras persoas do ámbito social propio.	-----
<i>ALTERACIÓNS SENSORIAIS</i>	3,6	Aumento da percepción selectiva ante determinados estímulos auditivos, visuais, táctiles, de olor ou sabor.	3,6
<i>TRASTORNOS SONO-VIXILIA</i>	3,5	Dificultade para iniciar e/ou manter o sono.	3,5
<i>TRASTORNO OBSESIVO- COMPULSIVO</i>	3,4	Compulsións: comprobación, limpeza, contabilizar...	3,5
		Condutas ou actos mentais repetitivos como resposta a unha obsesión ou regras de aplicación rixidas, o obxectivo da cal previr é ou reducir ansiedade/males-tar, evitar sucesos temidos; estas condutas son clara-mente excesivas e non son pranteiros nin funcionais. Vívense como algo imposto dende fóra.	3,5
		Obsesións: de contaminación, agresión, sexuais, so-máticas, relixiosas, supersticións...	3
		Pensamentos, impulsos, imaxes recorrentes e persis-tentes, non desexadas nin pranteiras, que xeran ma-les-tar/ansiedade. O suxeito intenta ignorar/suprimir/neutralizar con outro pensamento ou conduta (compulsión).	3
		Acumulación de obxectos (Diógenes).	2,8
<i>ALTERACIÓNS NA ATENCIÓN</i>	3,2	Dificultades intensificadas para centrar a atención (selectiva, sostida...)	3,4
<i>AXITACIÓN</i>	3	Axitación psicomotora (actividade sen obxectivo)	3
		Aumento das condutas auto estimulatorias	2,2
		Aumento dos movementos estereotipados	2
<i>TRASTORNO DE PERSONALIDADE PARANOIDE</i>	3	Desconfianza e suspicacia xeral	3,2
<i>HIPOCONDRIA</i>	3	Somatización.	3
		Queixas por dores de articulacións sen patoloxía orgánica aparente.	2,75
<i>FROTRISMO</i>	2,8	Necesidade de fregarse cunha persoa específica en contra da súa vontade.	3

7 Non se someteron a valoración os indicadores específicos desta categoría, proposta por algúns expertos ao cubrir o Cuestionario 2.

<i>TRASTORNO ADAPTATIVO</i>	2,8	Sentimento irracional de abandono ante a ausencia da figura de referencia, malestar excesivo a cambios de domicilio.	2,6
<i>PENSAMIENTO AUTOLÍTICO</i>	2,6	Ideación suicida.	2,8
		Pensamentos de morte recorrentes.	2,6
<i>ACTIVIDADE XERAL</i>	2,6	Aumento das actividades con obxectivo (propositiva).	2
<i>DO</i>	2,6	Negación da perda.	2,2
<i>TRASTORNOS RELACIONADOS COA ALIMENTACIÓN, O PESO E A IMAXE CORPORAL</i>	2,6	Perda ou aumento involuntario de peso de máis do 5 % que non se debe ao propósito de modificar a imaxe corporal (pode ser debido a trastorno do estado de ánimo)	3
		Alteración do apetito.	2,4
		Dieta vexetariana radical como conduta propositiva para diminuír peso, como consecuencia de alteracións na imaxe corporal.	2,2
		Necesidade obsesiva de realizar exercicio físico para mellorar o aspecto corporal, e modificación da alimentación cara a unha dieta hiperproteica.	2,1
<i>ADICCIÓNS</i>	2,4	Inverter a maioría do tempo na realización dunha actividade concreta (xogos, ordenador, consola ou outros).	3,5
		Esforzos repetidos sen éxito de reducir/abandonar o xogo/actividade.	2,2
<i>TRASTORNO PSICÓTICO</i>	2,2	Comportamento desorganizado ou catatónico. Comportamentos bizarros.	2,5
		Delirios (de persecución, usurpación da identidade, grandiosidade, relixión, inserción de pensamento, control externo do pensamento, nihilista (ou delirio de negación da existencia dos demais, dun mesmo ou de partes dun mesmo), de referencia (crenza de que todos os acontecementos que suceden se refiren a un mesmo)...	2,4

Bibliografía

- APA (Asociación Americana de Psiquiatría (2013). *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales, 5ª edición*. Madrid: Ed. Médica Panamericana.
- Arrasate-Gil, M., López-Peña, P. y Martínez-Cengotitabengoa, M. (2011). Una reflexión sobre el Síndrome de Asperger y la comorbilidad con los trastornos psicóticos. *Actas Esp Psiquiatr*, 39, 66-68.
- Baker, J., Seltzer M. y Greenberg J. (2012). Behaviour problems, maternal internalising symptoms and family relations in families of adolescents and adults with fragile X syndrome. *Journal of Intellectual Disability Research* 56, 984–995.
- Baxter, C., Cummings R. A. & Yiolitis L. (2000) Parental stress attributed to family members with and without disability: a longitudinal study. *Journal of Intellectual and Developmental Disability* 25, 105–118.
- Belinchón, M., Hernández, J.M. y Sotillo, M. (2008). *Personas con Síndrome de Asperger: funcionamiento, detección y necesidades*. Madrid: CPA Eds.
- Berthoz, S., & Hill, E. L. (2005). The validity of using self-reports to assess emotion regulation abilities in adults with autism spectrum disorder. *European Psychiatry*, 20(3), 291-298.
- Blackshaw, A. J., Kinderman, P., Hare, D. J., & Hatton, C. (2001). Theory of mind, causal attribution and paranoia in Asperger syndrome. *Autism*, 5(2), 147-163.
- Bloigu, R., Ebeling, H., Haapsamo, H., Hurting, T., Joskitt, L., Jussila, K., Kie-linen, M., Kuusikko-Gauffin, S., Linna, S.L., Mattila, M.L., Moilanen, I. y Pauls, D.L. (2010). Comorbid Psychiatric Disorders Associated with Asperger Syndrome/High-functioning Autism: A Community and Clinic-based Study. *J Autism Dev Disord*, 40, 1080–1093.
- De Las Cuevas, C. y González de Rivera, J.L. (1992). Autoinformes y respuestas sesgadas. *Anales Psiquiatría*, 8, 362-366.
- Farrugia, S. y Hudson, J. (2006). Anxiety in adolescents with Asperger syndrome: Negative thoughts, behavioral problems, and life interference. *Focus on Autism and Other Developmental Disabilities*, 21(1), 25-35.
- Ghazziuddin, M. (2005). *Mental health aspects of autism and Asperger Syndrome*. Londres: Jessica Kingsley Publishers
- Griffith, G. y Hastings, R. (2014). ‘He’s hard work, but he’s worth it’. The experience of caregivers of individuals with intellectual disabilities and challenging behaviour: A meta-synthesis of qualitative research. *Journal of Applied Research in Intellectual Disabilities : JARID*, 27(5), 401-419. doi:10.1111/jar.12073

- Hastings, R. P. (2002). Parental stress and behaviour problems of children with developmental disability. *Journal of Intellectual & Developmental Disability*, 27(3), 149-160.
- Hofvander, B., Anckarsäerer, H., Chaste, P., Delorme, R., Gillberg, C., Herbrecht, E., Leboyer, M., Nydén, A., Rastam, M., Stanhlberg, O., Stopin, A. y Wentz, E. (2009). Psychiatric and psychosocial problems in adults with normal-intelligence autism spectrum disorders. *BCM Psychiatry*, 9, 35.
- Krahn, G.L., Hammond, L. y Turner, A. (2006). A cascade of disparities: Health and health care access for people with intellectual disabilities. *Mental Retardation and Developmental Disabilities Research Review*, 12, 70-82.
- MacNeil, B., Lopes, V. y Minnes, P. (2009). Anxiety in children and adolescents with autism spectrum disorders. *Research in Autism Spectrum Disorders*, 3(1), 1-21.
- Martínez-Leal, R., Salvador-Carulla, L., Gutiérrez-Colosía, M. R., Nadal, M., Novell-Alsina, R., Martorell, A. y Aguilera-Inés, F. (2011). La salud en personas con discapacidad intelectual en España: Estudio europeo POMONA-II. *Revista de Neurología*, 53(7), 406-414-
- Mazefsky, C. A., Kao, J., y Oswald, D. P. (2011). Preliminary evidence suggesting caution in the use of psychiatric self-report measures with adolescents with high-functioning autism spectrum disorders. *Research in Autism Spectrum Disorders*, 5(1), 164-174.
- Mohr, C., Curran, J., Coutts, A., y Dennis, S. (2002). Collaboration-together we can find the way in dual diagnosis. *Issues in Mental Health Nursing*, 23(2), 171-180. doi:10.1080/016128402753542794
- Most D. E., Fidler D. J., Laforce-Booth C. y Kelly J. (2006). Stress trajectories in mothers of young children with Down syndrome. *Journal of Intellectual Disability Research* 50, 501–514.
- Muñoz, J. y Marín, M. (2005). Necesidades sanitarias de las personas con discapacidad intelectual y sus familias. *Siglo Cero*, 36 (3) nº215, 5-24.
- Muñoz, J., Fernández, A., Belinchón, M., Sellán, C., Díaz, M.L., Hernando, M.F. y Muñoz, S. (2014). *Discapacidad intelectual y salud: Derechos, desigualdades, evidencias y propuestas*. Madrid: Feaps.
- OMS (Organización Mundial de la Salud) (1992). *Trastornos mentales y del comportamiento*. Madrid: Meditor.
- Orsmond G., Seltzer M., Krauss M. y Hong J.(2003). Behaviour problems in adults with mental retardation and maternal well-being: Examination of the direction of effects. *American Journal on Mental Retardation* 108, 257–271.
- Paula, I. (2015). *La ansiedad en el autismo*. Madrid: Alianza.

- Paula, I. y Martos, J. (2009). Síndrome de Asperger y autismo de alto funcionamiento: Comorbilidad con trastornos de ansiedad y del estado de ánimo. *Revista de Neurología*, vol. 48, Supl. 2, pp. 31-34.
- Paula, I., Martos, J. y Llorente-Comí, M. (2010). Alexitimia y síndrome de Asperger. *Revista de Neurología*, vol. 50, S3, pp. S85-S90.
- Powell, A. (2002). *Taking responsibility. Good practice for services to adults with Asperger syndrome*. Londres: The National Autistic Society.
- Raja, M. y Azzoni, A. (2008). Comorbidity of Asperger's syndrome and bipolar disorder. *Clinical Practice and Epidemiology in Mental Health*, 4, 26, 285-293.
- Ruta, L., D' Arrigo, V.G., Mazzone, L. y Mugno, D. (2010). Obsessive-compulsive traits in children and adolescents with Asperger syndrome. *Eur Child Adolesc Psychiatry*, 19, 17-24.
- Spek, A. A., Scholte, E. M., y Van Berckelaer-Onnes, I. A. (2011). Local information processing in adults with high functioning autism and Asperger syndrome: The usefulness of neuropsychological tests and self-reports. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 41(7), 859-869.

ANÁLISE DAS VARIABLES COGNOSCITIVAS SOBRE A COMPETENCIA DE INTEGRACIÓN SEMÁNTICA DOS CONTIDOS EN ESTUDANTES CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE NIVEL 1

Manuel Ojea Rúa¹ e Nuria Diéguez García²

Universidade de Vigo

RESUMO

As persoas con Trastornos do Espectro do Autismo de nivel 1 (American Psychiatric Association, 2013) teñen dificultades para integrar semanticamente a información recibida. A Teoría da Percepción (Ojea, 2008) indica que esta dificultade se debe fundamentalmente a: 1) os déficits para desenvolver relacións significativas entre a información recibida e os coñecementos previamente adquiridos, e 2) á ausencia de nexos de unión representativos da información nova, elaborados durante o proceso de aprendizaxe, o cal, á súa vez, dificulta, o proceso de recuperación da dita información. Nesta investigación trátase de deducir en que medida inflúen os diferentes procesos de ensino-aprendizaxe na adquisición dos coñecementos con criterios significativos (integración semántica), así como determinar as variables que mellor predín e explican o desenvolvemento de pegadas mnésicas con carácter semántico na memoria permanente e o seu nivel de recuperación posterior.

Palabras clave: Trastornos do Espectro do Autismo, cognición e percepción, memoria semántica.

1 Manuel Ojea Rúa é psicólogo, doutor en psicopedagogía pola Universidade de Vigo, catedrático de orientación educativa no IES Eduardo Blanco Amor de Ourense, profesor asociado da Universidade de Vigo, da Facultade de Ciencias da Educación, da Área de Psicoloxía Básica, membro da Comisión Técnica para a Atención ao Alumnado con Necesidades Educativas Especiais do Vicerreitorado da Universidade de Vigo, coordinador do Equipo de Apoio para o Alumnado con Síndrome de Asperger da mesma Uni-

Introdución

Ojea (2008) afirma que as persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) presentan dificultades na análise global dos estímulos co que se dificulta a transición dos estímulos observados á súa correspondente representación semántica e integran con dificultade aquilo que experimentaron en entidades significativas, de forma que a literalidade da percepción, é dicir, ver as cousas tal como son, constitúe a súa principal característica (Boucher, 2002; Crane e Goddard, 2008; Lind, 2010; Lind e Bowler, 2009; López, Leekam e Arts, 2008). Os estímulos non son observados como conxuntos e non presentan conexións entre si, o que explica os déficits observados no ámbito do pensamento indutivo nas ditas persoas. É dicir, por un lado, parece percibir unha información máis exacta e unha gran cantidade de información e, por outro, esta cantidade de información non seleccionada non pode procesarse simultaneamente e pode conducir a unha sobrecarga de información e xerar dificultades, polo tanto, no seu procesamento simultáneo. A percepción explica que todo o que coñecemos e aprendemos acerca do medio que nos rodea e de nós mesmos ten a súa orixe nos nosos sentidos, mediante o proceso de recollida, análise, interpretación e comprensión da información que recibimos constantemente, de forma que a percepción vai depender entón da aprendizaxe, pero, tamén da madurez que inflúe decisivamente nos procesos de codificación e interpretación da aprendizaxe recibida tratándose dun proceso amplamente relacionado, no cal a coordinación entre as entradas e as saídas de información é unha condición básica para o axeitado funcionamento do sistema cognitivo. En efecto, o mundo real percibido e o mundo que se percibe dende a óptica do perceptor son sensiblemente diferentes, o cal é debido á actividade manifesta da interacción da recepción estimular e as interpretacións persoais realizadas sobre estas (Aljunied e Frederickson, 2013; Foley-Nicpon, Assouline e Stinson, 2012; Gastgeb e outros, 2012; O'Heam e outros, 2013; Perovic, Modyanova e Wexler, 2013; Toichi e Kamio, 2001). Estas diferenzas na interpretación da información explícanse porque a resposta dos sistemas sensoriais se expresa na codificación neuronal dos estímulos grazas aos mecanismos de transdución funcional e ás modulacións que poidan afectar a transmisión do impulso nervioso. Para que esta codificación teña efectos perceptivos é preciso que os eventos neuronais constitúan símbolos ou representacións con respecto ás propiedades relevantes da estimulación e que as ditas representacións sexan utilizadas como base de datos sobre a que actúan os procesos perceptivos propiamente ditos. A per-

versidade. Presidente da Asociación de Familias e Profesionais de Persoas con Trastornos da Comunicación Social de Ourense.

2 Nuria Diéguez García e Doutora en Psicopedagogía pola Universidade de Vigo e profesora Orientadora do CEIP de Ramirás (Ourense).

cepción é, entón, unha actividade cognitiva, pois modifica un tipo de representación noutra a través dunha ou máis operacións de procesamento da información. Estas operacións guiadas polos datos ou procesos guiado de abaixo-arriba tenden a ser automáticas e susceptibles de ser procesadas en paralelo, o cal contrasta coas operacións guiadas cognitivamente ou conceptualmente, tamén denominado proceso guiado de arriba-abaixo, que dispoñen de toda a información procedente do sistema cognitivo e as cales, á súa vez, van determinar, o resultado perceptivo final, integrando a información nova coa información previamente obtida (Ausubel, Novak e Hanesian, 1983; Bruner, 1984; Novak, 1982; Novak e Gowin, 1988). Esta estrutura perceptiva é perfectamente explicada polos presupostos da Teoría da Coherencia Central Cognitiva (Frith, 2004; Happé, 1994), que se centran na percepción da información da información fragmentada (Kaland, Mortensen e Smith, 2007; Plaisted e outros, 2006; Rodgers, 2000; Schlooz e outros, 2006). Deste xeito, tenden a percibir unicamente aquelas partes que seleccionan atencionalmente de xeito fragmentado, recoñecendo os fenómenos tan só pola referencia producida por esas mesmas partes, o cal se produce en calquera modalidade sensorial de que se trate. A dita selección atencional caracterízase polo monoprocesamento ou “percepción en túnel”, pois esta céntrase nun único detalle do estímulo. Agora ben, como mostra este estudo, a dificultade de percibir como conxunto os estímulos perceptivos, así como o carácter relevante e irrelevante destes, vaise superado cando as persoas se esforzan de xeito activo por integrar o contido da información percibida, polo que o ensino-aprendizaxe vai xogar un papel esencial no desenvolvemento da percepción xestáltica.

Ojea (2005; 2008) mostra, a través dunha investigación baseada no proceso de escolarización dun estudante con TEA nos seus estudos de grao na universidade, que o proceso de elaboración semántica se caracteriza pola súa dificultade para integrar aquilo que se experimentou de xeito separado e único, percibindo o mundo en detalles, literalmente, sen as interferencias cerebrais da información almacenada na memoria e sen facer interpretacións subxectivas da realidade percibida. Como se pode ver nos seguintes extractos, o alumno do estudo indicado divide en anacos non significativos o texto (frases separadas por corchetes). A cada anaco da subdivisión anterior suma un novo anaco en sucesivas subdivisións, co fin de chegar á configuración do conxunto do texto:

“Primeira subdivisión:

[Afonso VI é un dos reis] [castelán-leoneses da Idade Media] [entón sendo herdeiro do seu pai] [don Afonso, seguiu a súa política] [en moitas características,] [polo que ata o leste] [agrandou os seus territorios] [en Álava] [Biscaia, parte de Guipúscoa,] [e A Rioxá] (...)”

Segunda subdivisión:

“[Afonso VI é un dos reis castelán-leoneses da Idade Media] [entón sendo herdeiro do seu pai don Afonso, seguiu a súa política] [en moitas características, polo que ata o leste] [agrandou os seus territorios en Álava, Biscaia, parte de Guipúscoa,] [e A Rioxa] (...)”

Terceira subdivisión:

“[Afonso VI é un dos reis castelán-leoneses da Idade Media entón sendo herdeiro do seu pai don Afonso, seguiu a súa política] [en moitas características, polo que ata o leste agrandou os seus territorios en Álava, Biscaia, parte de Guipúscoa,] [e A Rioxa] (...)”

Cuarta subdivisión:

[Afonso VI é un dos reis castelán-leoneses da Idade Media entón sendo herdeiro do seu pai don Afonso, seguiu a súa política en moitas características, polo que ata o leste agrandou os seus territorios en Álava, Biscaia, parte de Guipúscoa,] [e A Rioxa] (...)”

Quinta subdivisión:

“[Afonso VI é un dos reis castelán-leoneses da Idade Media entón sendo herdeiro do seu pai don Afonso, seguiu a súa política en moitas características, polo que ata o leste agrandou os seus territorios en Álava, Biscaia, parte de Guipúscoa e A Rioxa,] (...)”

Esta secuencia continúa ata conformar o “anaco único” como o mesmo alumno define o proceso de subdivisión sucesiva que realiza. Como se pode ver, os denominados “anacos” non conforman frases completas con coherencia, senón que se delimitan en función da capacidade de memoria inmediata establecida por el mesmo, que logo codifica na memoria a longo prazo da mesma forma que se mecaniza un número de teléfono ou un conxunto de díxitos.

Nunha entrevista, expresada con claridade o proceso perceptivo literal cando afirma que

“a parte dos Pronunciamentos son as páxinas 8 e 9, estes seinos en 48 anacos, isto quere dicir que se lles dou 5 voltas máis seinos nun cacho e polo tanto enteiro. Logo cansei e quedei cos 48 cachos, menos mal que os primeiros cachos son máis grandes (...)”

Esta estrutura perceptiva fundaméntase en interpretacións realizadas acerca da capacidade cognitiva de almacenamento da información da súa memoria:

“A páxina 2 estudeina por anacos, ou sexa, segundo o anaco ao límite da miña memoria no principio e así sucesivamente ata o final. Esta é a primeira volta, logo, na segunda volta, risco a marca central de 3 dentro dos 2 primeiros anacos pequenos e así sucesivamente. As seguintes son como a segunda ata chegar ao anaco único. O anaco único é a meta que nos indica que xa sabes a lección (...)”

A economía do esforzo cognitivo é pois considerable, a maior dificultade da cal deriva da falta de nexos significativos para o acceso á memoria permanente xa que calquera eventualidade impedirá o seu acceso debido á súa gran vulnerabilidade:

Primeira subdivisión:

“[Cando pasaron tres anos de existencia errante,] [cara ao 404, pasaron a Galicia] [uns 30.000 vándalos, que se situaron nesta provincia.] [A pesar desta demografía,] [os suevos foron quen] [de constituír o primeiro poder bárbaro organizado,] [que constituía a comunidade xermánica.] [Este asentamento prodúcese polas tensións internas] [que a sociedade romana en xeral] [e a sociedade de Galicia en particular experimentan] (...)”

Segunda subdivisión:

“[Cando pasaron tres anos de existencia errante, cara ao 404, pasaron a Galicia] [uns 30.000 vándalos, que se situaron nesta provincia. A pesar desta demografía,] [os suevos foron quen de constituír o primeiro poder bárbaro organizado,] [que constituía a comunidade xermánica. Este asentamento prodúcese polas tensións internas] [que a sociedade romana en xeral e a sociedade de Galicia en particular experimentan] (...)”

Terceira subdivisión:

“[Cando pasaron tres anos de existencia errante, cara ao 404, pasaron a Galicia uns 30.000 vándalos, que se situaron nesta provincia. A pesar desta demografía,] [os suevos foron quen de constituír o primeiro poder bárbaro organizado, que constituía a comunidade xermánica. Este asentamento prodúcese polas tensións internas] [que a sociedade romana en xeral e a sociedade de Galicia en particular experimentan] (...)”

Cuarta subdivisión:

“[Cando pasaron tres anos de existencia errante, cara ao 404, pasaron a Galicia uns 30.000 vándalos, que se situaron nesta provincia. A pesar desta demografía os suevos foron quen de constituír o primeiro poder bárbaro organizado, que constituía a comunidade xermánica. Este asentamento prodúcese polas tensións internas] [que a sociedade romana en xeral e a sociedade de Galicia en particular experimentan] (...)”

Quinta subdivisión:

“[Cando pasaron tres anos de existencia errante, cara ao 404, pasaron a Galicia uns 30.000 vándalos, que se situaron nesta provincia. A pesar desta demografía os suevos foron quen de constituír o primeiro poder bárbaro organizado, que constituía a comunidade xermánica. Este asentamento prodúcese polas tensións internas que a sociedade romana en xeral e a sociedade de Galicia en particular experimentan] (...)”

Durante diferentes fases de estudo, indica que

“os anacos están feitos así porque a memoria ten un límite. Cando chego ao anaco único significa que xa sei a lección, para o cal realizo autoprobas e para recordala accedo á súa situación no espazo en que o aprendín (...)”

Dende este punto de vista, é un obxectivo prioritario do noso programa que a metodoloxía de aprendizaxe baseada na unión de sucesivos “anacos” sexa modificada por unha subdivisión con criterios de significado, fomentando a procedimentalidade da memoria. Neste sentido, o traballo permite avanzar na tarefa de priorizar a importancia perceptiva polo seu contido:

Primeira subdivisión:

“[Metrópoles estreouse en Beijing en 1927,] [a película destaca pola súa visión futurista da sociedade.] [Dous meses despois estrearse en Nova York,] [a partir de entón realizarase en diferentes montaxes, pero mantendo a súa banda sonora] (...)”

Segunda subdivisión:

“[Metrópoles estreouse en Beijing en 1927, a película destaca pola súa visión futurista da sociedade.] [Dous meses despois estrearse en Nova Cork, a partir de entón realizarase en diferentes montaxes, pero mantendo a súa banda sonora] (...)”

Terceira subdivisión:

“[Metrópoles estreouse en Beijing en 1927, a película destaca pola súa visión futurista da sociedade. Dous meses despois estrearase en Nova York, a partir de entón realizarase en diferentes montaxes, pero mantendo a súa banda sonora] (...)”

Agora os “anacos” xa non conforman procesos limitados polo espazo mnésico, senón polo seu contido significativo que se van unindo ata conformar a totalidade. Esta aprendizaxe constitúe o punto de partida para iniciar o desenvolvemento de estratexias procedimentais, as cales van seguir un proceso lineal fundamentado nas capacidades previamente adquiridas, isto é, a literalidade e a parcialidade, co fin de adquirir cotas cada vez maiores de flexibilidade e globalidade, que modifique progresivamente a estrutura serial de procesamento.

MÉTODO

Obxectivos

Neste traballo, preténdese entón o seguinte obxectivo xeral:

- Explicar o nivel de varianza explicativa dos factores ou variables independentes seleccionadas a partir do estudo anterior, que exercen sobre a formación de marcas mnésicas con significado: *integración semántica* en estudantes con “TEA de grao 1” (American Psychiatric Association, 2013: 52).
- Deducir as variables que mellor predin os supostos perceptivo-cognitivos facilitadores da integración de significados conceptuais na memoria permanente en personas con TEA de grao 1.

Deseño

O estudo baséase nun deseño cuantitativo, conformado pola construción dun cuestionario baseado nos resultados da investigación sinalada (Ojea, 2008), así como a súa posterior aplicación e análise de datos. O cuestionario está conformado por 32 cuestións (variables), cuxas respostas son de tipo *likert* (1- totalmente de acordo; 7- totalmente en desacordo) (León e Montero, 2003; Montero e León, 2002).

Participantes

No dito estudo, participaron un total de 32 estudantes universitarios con TEA de grao 1, que realizan os seus estudos en diferentes universidades, dos

cales 18 corresponden a universidades españolas (56,3 %), 6 a universidades italianas (18,8 %) e 8 a centros universitarios de América central e do sur (25,0 %).

Variables

O cuestionario está conformado polas seguintes variables. En primeiro lugar, a variable *integración semántica*, operativizada como variable dependente (VD), está relacionada co nivel de adquisición de conceptos, a partir do estudo de diferentes contidos. En segundo lugar, a varianza da dita variable está medida a través da análise das demais variables do estudo, conformadas por 29 factores ou variables independentes (VI): *contidosmaterias, traballoconstrutivo, traballoautónomo, estratexiastraballo, participacion, formaciónprofesores, consecuirobxectivos, materialorganizado, relacióncontidos, prácticas, obxectivosdelimitados, atencióncontinuada, motivación, dedución, síntese, abstracciónideas, facerrelacións, teoríaalpráctica, xeneralizacións, realizarprácticas, axendapersoal, estudoorganizado, axudaestudo, creacióndesignificados, esquemas, mapasconceptuais, categoríasconceptuais, claves, resoluciónproblemas*.

Prodecemento

Unha vez realizado o deseño do cuestionario, o cal se baseou nas conclusións dos estudos atopados durante a inclusión dun estudantes con TEA de nivel 1 durante a realización dos seus estudos de grao (Ojea, 2008), procedeuse á obtención da mostra de participantes, a recollida da información e a súa análise estatística posterior. Na dita análise de datos, realizada a través do paquete estatístico do SPSS, v. 18, delimitase mediante as probas de *análise univariante* e de *regresión lineal por pasos sucesivos*, co fin de determinar claramente o número dos pasos da ecuación e o nome das variables predictivas recollidas polo modelo. Finalmente, en función dos resultados, conclúese coas propostas educativas facilitadoras da creación de pegadas semánticas de conceptos.

RESULTADOS

Os datos resultantes da aplicación do cuestionario para N: 32 estudantes con TEA escolarizados na universidade, cunha *Alfa de Cronbach* excelente de ,90 para os 30 elementos que o compoñen, presenta os estatísticos xerais, relativos ás medias e as súas correspondentes desviacións típicas, en relación cos datos atopados no cuestionario (ver táboa 1).

Táboa 1: estatísticos descritivos das variables do estudo

Variables	N	Mínimo	Máximo	Media	Desv. típ.
contidosmaterias	32	1,00	6,00	2,37	1,18
traballoconstrutivo	32	1,00	7,00	2,43	1,56
traballoautónomo	32	1,00	4,00	2,15	,88
estraxeiastraballos	32	1,00	5,00	2,71	1,05
participación	32	2,00	7,00	3,87	1,49
formaciónprofesores	32	2,00	7,00	4,50	1,75
conseguirobxectivos	32	1,00	5,00	2,09	,96
materialorganizado	32	1,00	7,00	2,71	1,34
relacióncontidos	32	2,00	4,00	2,75	,84
prácticas	32	1,00	5,00	2,90	1,20
obxectivosdelimitados	32	1,00	6,00	3,28	1,37
atencióncontinuada	32	1,00	7,00	3,34	1,55
motivación	32	2,00	7,00	2,81	1,33
dedución	32	1,00	6,00	3,15	1,48
síntese	32	1,00	6,00	2,46	1,36
abstracciónideas	32	1,00	7,00	3,43	1,79
facerrelacións	32	1,00	7,00	4,34	1,84
teoríaala práctica	32	1,00	6,00	3,09	1,44
xeneralizacións	32	1,00	7,00	3,46	1,58
realizarprácticas	32	1,00	6,00	3,00	1,66
axenda persoal	32	1,00	6,00	2,37	1,12
estudoorganizado	32	1,00	6,00	3,25	1,72
axudaestudo	32	1,00	7,00	3,43	1,81
creación designificados	32	2,00	7,00	4,03	1,63
esquemas	32	1,00	6,00	2,50	1,01
mapas conceptuais	32	2,00	6,00	2,93	1,26
categorías conceptuales	32	2,00	7,00	3,90	2,06
claves	32	2,00	7,00	3,75	1,93
resolución problemas	32	2,00	7,00	3,50	1,70
VD: integración semántica		Mínimo	Máximo	Media	Desv. típ.
N: 32		1,00	3,00	1,81	,69

Destácanse, por exemplo, as puntuacións en desviación típica máis afastadas da media na variable *categoríasconceptuais* no límite superior (2,06), mentres que no límite inferior destaca a propia VD: *integración semántica* (,69), así como nos factores *relacióndecontidos* (,84) e *traballoautónomo* (,88).

Os niveis de explicación ou varianza dos factores seleccionados no estudo previo en relación coa VD, analizáronse mediante o estatístico de *anova univariante*, os resultados da cal se expoñen na táboa 2.

Táboa 2: análise de varianza

Variables	Nivel de significación	Variables	Nivel de significación
contidosmaterias	0,001	abstracciónideas	0,003
traballoconstrutivo	0,000	facerrelacións	0,000
traballoautónomo	0,000	teoríaalapráctica	0,000
estratexiastraballos	0,000	xeneralizacións	0,000
participación	0,009	realizarprácticas	0,000
formaciónprofesores	0,000	axenda personal	0,000
conseguir obxectivos	0,000	estudoorganizado	0,000
materialorganizado	0,002	axudaestudo	0,000
relacióncontidos	0,000	creación designificados	0,065
prácticas	0,467	esquemas	0,000
obxectivos delimitados	0,000	mapasconceptuais	0,000
atencióncontinuada	0,011	categoríasconceptuais	0,000
motivación	0,000	claves	0,000
deducción	0,013	resoluciónproblemas	0,014
síntese	1,000		

VD: **integración semántica**.

En efecto, todas as variables seleccionadas mostran cargas de varianza significativas, agás 4 variables, as cales indican niveis non significativos en relación coa variabilidade atopada na VD: *integración semántica*, referidas a: *prácticas*, *deducción*, *síntese* e *creación designificados*, os niveis de significación atopados nas variables: *prácticas* e *síntese* son especialmente baixos.

Para determinar, cal ou cales das anteriores variables, que resultaron significativas, son máis altamente predictivas para a adquisición de contidos con significado, procédese a aplicar o estatístico de *regresión lineal por pasos* (ver táboa 3).

Táboa 3: análise de regresión lineal por pasos

Pasos	Variables introducidas	R	R cadrado corrixida	Sig. do cambio en F
1	claves	,46(a)	,19	,22
2	abstracciónideas	,68(b)	,43	,24
3	creaciónsignificados	,86(c)	,71	,27
4	esquemas	,95(d)	,88	,16
5	axendapersoal	,97(e)	,93	,04
6	síntese	,98(f)	,95	,01
7	xeneralizacións	,98(g)	,96	,00

a. Variable dependente: **integración semántica**.

Por pasos (criterio: Prob. De F para entrar \leq ,050, Prob. De F para saír \geq ,100).

Como se pode observar, de todas as variables recollidas do estudo inicial, a análise selecciona 7 pasos conformados polas seguintes variables: 1) *claves*, que se relaciona coa presentación de nexos durante o estudo, co fin de facilitar a creación de relacións co significado aprendido e a súa posterior recuperación, 2) *abstracciónideas*, que fai referencia ao apoio relacionado coa análise e síntese das ideas do texto, o cal está moi vinculado ás técnicas de estudo usuais, 3) *creaciónsignificados*, en relación coa dedución e análise das partes progresivamente de significados parciais do texto ata configurar a súa globalidade, 4) *esquemas*, que se relaciona coa realización de esquemas conceptuais deducindo ideas principais, secundarias ou mapas conceptuais a partir do estudo do texto, 5) *axendapersoal*, en referencia ao uso dunha axenda propia estruturada espazo-temporal con todas as indicacións relativas aos coñecementos aprendidos e debidamente secuenciados, 6) *síntese*, ou capacidade de realizar deducións e inducións e as lecturas realizadas cun vocabulario propio, realizando cambios persoais na estrutura formal do texto, 7) *xeneralizacións*, o desenvolvemento da capacidade de realizar aplicacións do coñecemento aprendido a outros aspectos, contidos ou conceptos diferentes do aprendido.

Os resultados da análise de cada paso, analizado por separado, pode observarse na táboa 4, que reflicte os datos da varianza explicativa sobre cada un dos pasos seleccionados polo modelo, así como o incremento progresivo da suma de cadrados, o que xustifica a súa selección.

Táboa 4: Anova (h)

Modelo		Suma de cadrados	gl	Medio cuadrático	F	Sig.
1	<i>Regresión</i>	3,27	1	3,27	8,40	,00(a)
	<i>Residual</i>	11,59	30	,38		
	<i>Total</i>	14,87	31			
2	<i>Regresión</i>	6,98	2	3,49	12,84	,00(b)
	<i>Residual</i>	7,88	29	,27		
	<i>Total</i>	14,87	31			
3	<i>Regresión</i>	11,03	3	3,68	26,85	,00(c)
	<i>Residual</i>	3,83	28	,13		
	<i>Total</i>	14,87	31			
4	<i>Regresión</i>	13,42	4	3,35	62,31	,00(d)
	<i>Residual</i>	1,45	27	,05		
	<i>Total</i>	14,87	31			
5	<i>Regresión</i>	14,06	5	2,81	90,24	,00(e)
	<i>Residual</i>	,81	26	,03		
	<i>Total</i>	14,87	31			
6	<i>Regresión</i>	14,34	6	2,39	113,36	,00(f)
	<i>Residual</i>	,52	25	,02		
	<i>Total</i>	14,87	31			
7	<i>Regresión</i>	14,47	7	2,06	123,43	,00(g)
	<i>Residual</i>	,40	24	,017		
	<i>Total</i>	14,87	31			

Como se pode ver, os maiores incrementos das cargas explicativas prodúcese entre os 3 primeiros pasos: *claves*, *abstracciónideas*, *creacióndesignificados*, sendo a *suma de cadrados* da análise de *regresión* na variable *claves* de 3,27, mentres que pasa a *abstracciónideas*: 6,98 e, finalmente, a *creaciónde-significaos*: 11,03. Os demais pasos, como se observa, indican incrementos procesuais de menor significatividade e chega a un total na *suma* de cadrados de 14,47.

CONCLUSIÓN

De todas as variables, a variable *claves* é a que exerce o maior nivel de preditibilidade para a xeración de procesos procedimentais e, polo tanto, a recuperación da información almacenada en termos semánticos. En efecto, esta recuperación ou acceso á memoria ten moitas dificultades se non é axudada por estas claves específicas (Grandin, 2000; Williams, 1996). E, así mesmo, as demais variables predictoras conforman un paquete de criterios básicos para o desenvolvemento de programas facilitadores da codificación cognitiva en termos semánticos.

Desta forma, baixo a consideración das ditas variables ha de configurarse o deseño de dos programas educativos, debidamente planificados, co fin de establecer un proceso de transformación da información dende a percepción literal á globalidade permite a adquisición progresiva de significados e a conseguinte mellora no funcionamento do proceso perceptivo. O dito proceso de desenvolvemento da percepción require unha organización baseada no uso de mediadores cognitivos (*claves*) dirixido a crear estratexias de pensamento que faciliten a aplicación das aprendizaxes previas ás novas situacións facilitando os procesos de xeneralización.

Diéguez (2014) afirma que a comprensión do funcionamento do sistema cognitivo das persoas con TEA supón un aspecto fundamental do coñecemento para a súa aplicación correcta ao deseño de programas educativos adecuados ás súas necesidades, co fin de facilitar o seu desenvolvemento, para o cal é necesario internarnos nun marco conceptual do carácter sistémico. En termos xerais, a elaboración cognitiva que as persoas realizan para tomar decisións na súa vida ou solucionar os seus problemas constitúe un todo interrelacionado dentro dos procesos cognoscitivos do que denominamos pensamento. O pensamento inclúe o uso tanto dun conxunto de regras específicas sobre os fenómenos coma daquelas outras regras máis abstractas, as cales inclúen os esquemas mentais causais, que son regras xerais sobre as ditas relacións. Se se teñen en conta as puntos fortes manifestos das persoas con TEA, é dicir, a capacidade de realizar análise dos eventos dende a particularidade, pode afirmarse, entón, que este (a análise perceptiva da información) se constrúe a partir dun pensa-

mento ou razoamento indutivo, xa que supón o tránsito da particular ao universal, é dicir, a capacidade de construír estímulos-categorías conceptuais progresivamente, seguindo un proceso lineal de codificación cognitiva: estímulo illado + estímulo illado= categoría conceptual; esta nova categoría conceptual + estímulo illado= categoría conceptual de maior nivel e así avanzar na cota de aprendizaxes, debidamente mediados polos nexos de unión ou claves facilitadores da súa recuperación. Con este esquema procesual a parte dos puntos fortes (percepción parcial-memoria mecánica) que caracterizan as persoas con TEA e, de acordo cos criterios predictivos sinalados por este estudo, preténdese o alcance dos seus puntos débiles (percepción global-memoria semántica).

BIBLIOGRAFIA

- Aljunied, Mariam; Frederickson, Norah (2013). Does central coherence relate to the cognitive performance of children with autism in dynamic assessments? *Autism: The International Journal of Research and Practice*, v17 n2 p172-183.
- American Psychiatric Association (2013). *The diagnostic and statistical manual of mental disorders: DSM-5 development*. Washington, DC: American Psychiatric Association.
- Ausubel, D. P. Novak, J. D. y Hanesian, H. (1983). *Psicología educativa: un punto de vista cognoscitivo*. México: Trillas.
- Boucher, J. (2012). Research review: structural language in autistic spectrum disorder characteristics and causes. *Journal of Child Psychology and Psychiatry*, 3 (53), 219-233.
- Bruner, J. S. (1984). *Acción, pensamiento y lenguaje*. Madrid: Alianza.
- Crane, L. y Goddard, L. (2008). Episodic and semantic autobiographical memory in adults with autism spectrum disorders. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 3 (38), 498-506.
- Diéguez, N. (2014). Síndrome de Asperger. Dimensiones organizativas y metodológicas en la univesidad. *Tesis Doctoral*. Vigo: Universidad de Vigo.
- Foley- Nicpon, M., Assouline, S. G. y Stinson, R. D. (2012). Cognitive and academic distinctions between gifted students with autism and Asperger Syndrome. *Gifted Child Quarterly*, 2 (56), 77-89.
- Frith, U. (2004). *Autismo. Hacia una explicación del enigma*. Madrid: Alianza Editorial.
- Gastgeb, H. Z., Dundas, E. M., javascript: __doLinkPostBack(‘’,’ss~AU%22Minshew%2C Nancy J.%22%7C%7Csl~~rl’,’);y Strauss, M. S.

- (2012). Category formation in autism: can individuals with autism form categories and prototypes of dot patterns? *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 8 (42), 1694-1704.
- Grandin, T. (2000). My mind is a web browser. How people with autism think. *Cerebrum*, 2 (1), 14- 22.
- Happé, F. (1994). *Introducción al autismo*. Madrid: Alianza editorial.
- Kaland, N., Mortensen, E. L. y Smith, L. (2007). Disembedding performance in children and adolescents with Asperger syndrome or high functioning autism. *Autism: The International Journal of Research and Practice*, 11 (1), 81- 92.
- León, O. y Montero, I. (2003). *Métodos de investigación en psicología y educación* (3ªed.). Madrid: McGraw-Hill.
- Lind, S. E. (2010). Memory and the self in autism: a review and theoretical framework. *Autism: The International Journal of Research and Practice*, 5 (14), 430-456 .
- Lind, S. E. y Bowler, D. M. (2009). Recognition memory, self- other source memory, and Theory of Mind in children with autism spectrum disorder. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 9 (39), 1231-1239.
- Lopez, B., Leekam, S. R. y Arts, G. R. (2008). How “central” is central coherence?: preliminary evidence on the link between conceptual and perceptual processing in children with autism. *Autism: The International Journal of Research and Practice*, 2 (12), 159-171.
- Montero, I. y León, O. (2002). Clasificación y descripción de las metodologías de investigación en psicología. *International Journal of Clinical and Health Psychology*, 2, 505-510.
- Novak, J. D. (1982). *Teoría y práctica de la educación*. Madrid: Alianza.
- Novak, J. D. y Gowin, D. B. (1988). *Aprendiendo a aprender*. Barcelona: Martínez Roca.
- O’Hearn, K., Franconeri, S., Minshew, N. y Luna, B. (2013). The development of individuation in autism. *Journal of Experimental Psychology: Human Perception and Performance*, 2 (39), 494-509.
- Ojea, M. (2005). *Trastornos generalizados del desarrollo: orientación educativa y atención en la diversidad*. Santiago de Compostela: Tórculo Ediciones.
- Ojea, M. (2008). *Síndrome de Asperger en la universidad. Percepción y construcción del conocimiento*. Alicante. Editorial Club Universitario.

- Perovic, A., Modyanova, N. Y. y Wexler, K. (2013). Comprehension of reflexive and personal pronouns in children with autism: a syntactic or pragmatic deficit? *Applied Psycholinguistics*, 4 (34), 813-835.
- Plaisted, K., Dobler, V., Bell, S. y Davis, G. (2006). The microgenesis of global perception in autism. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 36 (1), 107- 119.
- Rodgers, J. (2000). Visual perception and Asperger Syndrome: central coherence deficit or hierarchization deficit? A pilot study. *Autism: The International Journal of Research and Practice*, 4 (3), 321- 329.
- Schlooz, A. J., Hulstijn, W., Broek, P., Pijll, A., Gabreels, F., Gaag, R. y Rotteveel, J. J. (2006). Fragmented visuospatial processing in children with pervasive developmental disorder. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 36 (8), 1025- 1037.
- Toichi, M. y Kamio, Y. (2001). Verbal association for simple common words in high-functioning autism. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 5 (31), 483-90.
- Williams, D. (1996). *Autism. An inside- out approach*. London: Jessica Kingsley Publishers.

O SON DAS ONDAS: MARTIN CODAX E O PERGAMIÑO VINDEL

Henrique Monteagudo¹

Membro da Real Academia Galega

A lírica trobadoresca galego-portuguesa é un dos fenómenos culturais máis fermosos e interesantes que se produciu na Península Ibérica nos séculos centrais da Idade Media. Está conectado cunha corrente poética e musical que se atopaba en voga no centro e no occidente de Europa (Alemaña, Italia, Francia, Illas Británicas), unha corrente que seguramente chegou ao norte da Península,

1 Licenciado e doutor en Filoloxía Galega. Profesor titular da USC. Membro e secretario da Real Academia Galega. Investigador e membro do consello científico do Instituto da Lingua Galega e colaborador do Centro de Linguística Geral e Aplicada da Universidade de Coimbra. Foi profesor nas universidades de Birmingham, New York (CUNY), Coimbra, Lisboa, Buenos Aires, California-Santa Barbara, São Paulo, Federal Fluminense (Rio de Janeiro) e Univ. de la República (Montevideo). Membro do Consello da Cultura Galega e desde 1998 a 2012, foi o seu secretario e coordinador da súa Sección de Lingua, Literatura e Comunicación. Codirector de Grial. Revista Galega de Cultura. Forma parte do Consello da Editorial Parábola (São Paulo, Brasil) e do Consello de redacción da revista Estudos de Lingüística Galega. Foi vicepresidente da Fundación Castelao e secretario da Fundación Carlos Casares.

Nas súas liñas de investigación e publicacións tocou temas de filoloxía, historia da lingua, sociolingüística e glotopolítica, ademais de editar textos de autores galegos, medievais e modernos (de Martin Codax a Martín Sarmiento e de Rosalía de Castro a Otero Pedrayo, Castelao ou Ramón Piñeiro). Entre os seus traballos salientan a Historia social da lingua galega (1999), a edición dos 8 volumes das Obras de Castelao (2000) e da obra de Martín Sarmiento: “De historia natural y todo género de erudición” (2008), e maila dirección do Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia. Foi editor científico dos volumes Estudos de Sociolingüística Galega (1995), Norma Lingüística e Variación (2005), Sociedades plurilingües: Da identidade á diversidade (2009), Galego e Portugués Brasileiro: historia, variación e mudanza (2012), Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar (2012) e Contacto de linguas híbridas, cambio: contextos, procesos e consecuencias (2013). Publicou as monografías Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito (2008), De verbo a Verbo. Documentos en galego anteriores a 1260 (2008) e A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII (2014), Tamén publicou As razóns do galego (2009), O idioma galego na sociedade: A evolución sociolingüística 1992-2008 (2011), A(s) linguas a debate (2011) e Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística (2012).

e particularmente a Galicia, a través do Camiño de Santiago. Galicia foi un centro que irradiou a cultura trobadoresca a Portugal e o centro da Península. En principio, os trobadores eran nobres amadores da música e o canto, que compuñan as súas propias cantigas, música e letra, que se encargaban de difundir xograres ao seu servizo. Unha vez que o fenómeno se difundiu, acollido e potenciado por mecenas tan importantes como o rei Afonso X *O Sabio* (el mesmo un brillantísimo trobador en galego), tamén os xograres galegos foron recoñecidos non só como intérpretes, senón tamén como executores.

Os xograres, músicos de extracción popular e de vida errabunda, insuflaron unha nova vida á poesía trobadoresca, introducindo formas e motivos de longa tradición en Galicia: trátase das célebres cantigas de amigo, postas en boca dunha moza que canta o seu amor. Martin Codax foi un deses humildes que, grazas ao seu talento, conseguiu abrirse camiño nas cortes dos nobres, e alcanzou tal recoñecemento que as súas cantigas pasaron aos Cancioneiros, e ademais circularon de xeito independente, como mostra precisamente o Pergamiño Vindel. Martin Codax é un dos poetas máis inspirados dos nosos cancioneros medievais –de feito, de toda a lírica europea da idade media–, tal como veñen recoñecendo de xeito unánime así os máis importantes estudosos da literatura medieval europea coma os lectores que se achegan ás súas enxaiolantes cantigas. Un motivo recorrente nestas, que fascina a uns e outros, é o mar de Vigo, que resoa adoito nos breves poemas de Codax na forma plural das femininas ondas. Se impresiona a poderosa presenza do ‘mar salido’ / ‘mar levado’, cativa non menos o rítmico ecoar daquelas ondas a amiga interroga aprensivamente polo seu amado e nas que convida as súas amigas a bañarse. De feito, as sete cantigas poden interpretarse como sete estampas dunha secuencia dramática, ben que non están ordenadas segundo unha lóxica estritamente temporal.

Na primeira cantiga, a amiga aparece na ribeira agardando a chegada do seu amigo, e pedindo ás ondas do mar de Vigo que dean noticia del: “Ondas do mar de Vigo / sabedes novas do meu amigo? / Ai Deus, e virá cedo?”. Na segunda, a amiga dille á súa nai que recibiu novas do amigo, que se supón que está de volta dunha campaña militar (contra os mulsulmáns do sur), pero que, segundo lle din, vai chegar “vivo e san”, polo que se apura a ir ao seu encontro: “Chegoume recado / que vén meu amigo / e irei madre, a Vigo”. Na terceira, a moza convida a unha amiga (“irmá”) a que a acompañe a Vigo a esperar polo seu amigo, cabo dunha ermida da beiramar: “Miña irmá fermosa, vinde logo comigo / á igrexa de Vigo, á beira do mar bravío / E miraremos as ondas!”.

Pero a cuarta cantiga preséntanos a amiga en Vigo solitaria (“senlleira”), á beira da desesesperación porque o amigo non dá chegado: “Ai Deus, se sabe agora meu amigo / como eu senlleira estou en Vigo! / E vou namorada!”. A fermosísima quinta cantiga presenta a mociña convidando as súas amigas ao baño

nas ondas de Vigo, nunha imaxe esplendorosa, ategada de suxestións de rito e vida: “Cantas sabedes amar amigo / vinde comigo ao mar de Vigo / E bañarémonos nas ondas!”. Pero a sexta volve presentar a amiga solitaria, perdida xa toda esperanza de encontro co amigo, realizando unha especie de danza ritual na ermida de Vigo, nunha escena sobrecolledora: “No sagrado en Vigo / bailaba corpo belido / Amor hei!”. A sétima cantiga pecha o ciclo, coa amiga volve preguntando en van ás ondas sobre o paradiro do namorado: “Ai ondas que eu vin mirar / se e saberedes contar / por que tarda meu amigo sen min?”.

En todas as sete cantigas de Martin Codax, menos na sétima, aparece a mención de *Vigo*. A mención do mar ou as ondas aparece na primeira, terceira, quinta e sétima cantigas. Todas elas están construídas mediante un artificio paralelístico (isto é, de repetición de palabras e versos), característico das cantigas de amigo dos xogres galegos, que se chama *leixaprén*. Con esas repeticións rítmicas dos versos de Codax parece que se quere suxerir o movemento das ondas do mar, talvez en sincronía co latexar do corazón namorado da amiga. Compostas a base de sinxelos e moi escasos elementos reiterados, mediante o habilísimo manexo do leixaprén, o poeta consegue un efecto de engaiolante beleza: unha “xoia da arte verbal europea” é como definiu esta serie de cantigas o ilustre filólogo Roman Jakobson.

Historia do Pergamiño Vindel

A finais de 1913 ou comezos de 1914, o libreiro e anticuario Pedro Vindel, residente en Madrid, folleaba un códice do século XIV que conseguira había pouco tempo, e que contiña a copia manuscrita dun texto relativamente banal: o tratado *De Officiis* de Cicerón. O volume, coma tantos outros, recibira unha encadernación posterior, e atopábase forrado en pergamiño. Vindel sabía ben que para serviren de forro aos códices, ao longo dos séculos XV ao XVIII, foran utilizados con moita frecuencia pergamiños medievais que se xulgaban carentes de interese. Por curiosidade ou por simple cautela, decidiu desencadernar o volume e comprobar se o forro agochaba algún escrito na súa cara interior. Cando, despois de desprendelo coidadosamente do volume, o despregou, o seu abraio foi maiúsculo. Nunha folla de aproximadamente 34 por 45 centímetros, a catro columnas, en pulcra caligrafía gótica redonda, estaban transcritas sete cantigas de amigo en galego, seis delas acompañadas da notación musical correspondente; no recanto superior esquerdo, en letras vermellas, líase o nome do autor: *Martin Codax*. Vindel deduciu axiña, sobre todo polo tipo de letra empregado, que se trataba dunha copia realizada a finais do século XIII ou primeiros do XIV.

Ao libreiro madrileño non se lle podía escapar que acababa de realizar unha descuberta singular. Así e todo, como el non era entendido en literatura ga-

lego-portuguesa, decidiu pórse en contacto cun experto. Naquel momento, a referencia obrigada en Madrid para un asunto tal era o erudito pontevedrés Víctor Said Armesto, que pouco antes gañara por oposición a cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa da Universidade Central, recentemente creada. Aínda que Víctor Said non se atopaba moi ben, recibiu inmediatamente a Vindel e, reprimindo a duras penas a emoción, dispúxose a examinar o manuscrito. O profesor non podía adiviñar que este sería un dos derradeiros labores que afrontaría na súa vida, prematuramente tronzada uns meses despois.

Said Armesto decatouse inmediatamente da transcendencia do achado. Seguramente lle explicaría ao libreiro que, á parte pezas menores, os únicos testemuños sobreviventes da lírica profana galego-portuguesa eran tres cancioneiros, un deles conservado en Portugal, o *Cancioneiro da Ajuda*, outros dous en Italia: o *Cancioneiro da Vaticana* e o denominado *Colocci-Brancuti* (actualmente custodiado en Lisboa e coñecido como *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*). Estes cancioneiros eran relativamente voluminosos, pois acollían entre as trescentas cincuenta composicións do primeiro (o máis breve) e as cerca de mil cincocentas do último (o máis completo), correspondentes a uns cento cincuenta autores, a maioría galegos ou portugueses, activos entre os finais do século XII e a metade do XIV. De feito, as sete cantigas de Martín Codax que contiña o *Pergamiño Vindel* eran xa coñecidas, pois foran copiadas nos dous últimos cancioneiros devanditos. Pero isto –apresuraríase a engadir Said Armesto–, non lle restaba valor ao descubrimento, pois ningún dos tres grandes cancioneiros ofrecía o máis mínimo vestixio da música correspondente ós textos copiados nas súas páxinas. É que, aclararíalle o erudito pontevedrés a Pedro Vindel, as coleccións da escola trobadoresca galego-portuguesa se denominan *cancioneiros* porque conteñen *cancións*: os trobadores non eran soamente poetas no senso moderno deste termo (escritores) senón tamén músicos; eran, pois, *compositores*.

De certo, diríalle o catedrático ao bibliófilo, tiñase unha idea de como podía ser a música da lírica galego-portuguesa, dado que se conservaba a melodía (acompañada de riquísimas iluminuras) das *Cantigas de Santa María*, que por volta do terceiro cuarto do século XIII mandou compor en galego o rei Afonso X *O Sabio*. Pero unha cousa era a lírica relixiosa, e outra, bastante distinta, puidera ser a lírica profana. Por parte, o *Cancioneiro da Ajuda* tamén fora compilado a finais do século XIII ou primeiros do XIV, probablemente na corte rexia de Castela ou nalgunha corte nobiliar galega, polo que neste senso o descubrimento que acababa de facer Vindel soamente viña confirmar algunhas ideas que existían sobre a evolución da tradición manuscrita, especialmente en aspectos tales como a lingua. Así e todo, Víctor Said non podía deixar de facer notar que o *Cancioneiro da Ajuda* só contén cantigas de amor, ou, dito doutro xeito, que as cantigas de amigo foran legadas unicamente a través dos apógrafo-

fos italianos (isto é, dos Cancioneiros ditos *da Vaticana* e *Colocci-Brancuti*), que representan unha tradición máis tardía e de cuño inequivocamente portugués. O *Pergamiño Vindel* representaba o testemuño máis antigo, e polo tanto máis próximo ao seu autor, das cantigas de amigo, e non calquera delas, senón precisamente de sete que se contan entre as máis apreciadas pola crítica moderna —estima que Said, con toda seguranza, compartiría.

Víctor Said Armesto puido concluír o seu informe sinalándolle a Pedro Vindel que na literatura occitana, a irmá maior da lírica galego-portuguesa, que posúe unha tradición manuscrita incomparablemente máis rica ca esta, non existía nada parecido a este manuscrito. Plenamente consciente da trascendencia do seu achado, Pedro Vindel apurouse a dar noticia del a través dun artigo publicado en febreiro de 1914 na revista *Arte Español*, ilustrado mediante fotogravuras da primeira e a quinta cantigas. Enchido de lexítimo orgullo, e ao tempo desexoso de atopar un comprador, o libreiro decidiu publicitar o seu descubrimento mediante unha edición facsímile da totalidade do manuscrito, dada a estampa a finais do mesmo ano, aínda que con data de 1915: *Las Siete Canciones de Amor, poema musical del siglo XII* [sic]. O folleto publicado por Vindel tivo unha tiraxe moi limitada, destinada case integralmente a agasallos, e unicamente se puxeron á venda dez exemplares. Entrementres, os círculos eruditos galegos e portugueses recibían a nova con afervorado entusiasmo. Pola banda portuguesa, a filóloga Carolina Michaëlis de Vasconcellos publicaba en 1915 na *Revista de Filología Española* o que podemos considerar o primeiro estudio cualificado sobre o pergamiño. Pola banda galega, o primeiro en reaccionar foi o medievalista Eladio Oviedo y Arce, que publicou en 1916-17 no *Boletín de la Real Academia Gallega* un extenso estudio intitulado “El genuino Martín Codax, trovador gallego del siglo XIII”, onde subliñaba que o *Pergamiño Vindel* viña de mostrar que os textos que ofrecen os apógrafos italianos representaban unha póla da tradición manuscrita que experimentara unha notable ‘portuguesización’ lingüística, ou cando menos, gráfica.

Parece que Pedro Vindel tiña un grande interese en que o Pergamiño non saíse de España, e que se fixeron numerosas xestións para atoparlle un comprador. Pero, polas razóns que fosen (penuria económica de institucións como a Real Academia Galega, desleixo ou falla de medios doutras como a Biblioteca Nacional de Madrid ou a de Lisboa, etc.), finalmente, en 1918, o manuscrito foi mercado polo reputado musicólogo catalán Rafael Mitjana, profesor en Uppsala (Suecia), que tiña mentes de realizar un estudio da súa música, labor que, emporiso, non levara a cabo no momento do seu pasamento (en 1921). O valioso documento quedou na súa biblioteca alá en Suecia, onde a viúva de Mitjana continuou a residir, ata que foi posto á venda polos seus herdeiros. Durante longas décadas, e ata hai pouco máis de vinte anos, o Pergamiño Vindel deuse por perdido. Finalmente, adquirido polo bibliófilo profe-

sional Otto Haas, foi ofrecido en pública almoeda en Londres, ocasión aproveitada pola Pierpont Morgan Library de New York para incluílo nos seus fondos. Tampouco nesta ocasión ningunha institución española, galega ou portuguesa interveu para recobrar o valioso documento, un dos máis preciosos da literatura galega (e hispánica, e europea) medieval.

Ao mesmo tempo, a obra poética de Martín Codax non deixaba de atraer a atención e gañar o aprecio da crítica, dentro e, tanto ou máis, fóra das nosas fronteiras. Así, despois de Carolina Michaëlis e Eladio Oviedo y Arce, debruzáronse sobre ela, entre outros, o británico Aubrey Bell (1923), o portugués José Joaquim Nunes (1931), os galegos Aquilino Iglesia Alvariño (1951) e Xosé María Álvarez Blázquez (1962), o brasileiro Celso Cunha da Cunha, o ruso-norteamericano Roman Jakobson (1970), os italianos Giuseppe Tavani (1973) e Barbara Spaggiari (1980), o británico Stephen Reckert (1976) e os galegos Camilo Flores (1983) e Luz Pozo Garza (1996). En 1983, Xesús Alonso Montero promoveu unha *Homenaxe a Martín Codax*, no que se ofrece versión ao galego moderno e tradución dos poemas ao catalán, o eusquera, o castelán, o inglés, o francés, o italiano e o alemán. De tódalas maneiras, traducións de todo ou parte do cancionero de Codax a estas e outras linguas foran aparecendo ao longo do século. Co devandito, é doado facerse unha idea da excepcional fortuna do poeta vigués, máis abraiante aínda se se ten en conta que soamente legou á posteridade sete cantigas.

Pero en todo este tempo botábase en falla unha edición facsímile do Pergamiño Vindel.

A dedicación do Día das Letras Galegas de 1998 aos poetas medievais da ribeira viguesa, Martín Codax, Mendiño e Johán de Cangas, presentou unha excelente oportunidade para realizar tal edición, que preparou quen asina estas liñas para a Editorial Galaxia. En 2014, co gallo do centenario da descuberta do pergamiño, volvemos preparar outra edición facsímile, publicada conxuntamente polo Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega. Nas dúas ocasións, as edicións esgotáronse de contado. A obra de Martín Codax, na que a poesía e melodía van da man, evoca coma ningunha outra o abraiante século XIII en que Galicia, coa súa lingua propia, co seu xenio literario, coa súa música, co florecer da súa arquitectura, coas súas artes todas, se definía como unha cultura de seu, labrando un camiño de estrelas que irradiaba o seu brillo por todo o Occidente europeo.

BREVE ACHEGA AO PENSAMENTO FEMINISTA E SOCIAL DE CONCEPCIÓN ARENAL

Maria Xosé Porteiro¹

Escritora e xornalista

É notable unha frase de Concepción Arenal que da boa conta do seu pensamento feminista nos comezos deste movemento en España: “*A sociedade non pode en xustiza prohibir o exercicio honrado das súas facultades á metade do xénero humano*”. Intentarei contextualizar esta cita e corroborar a afirmación de que ela foi pioneira do feminismo no seu tempo e o seu legado segue vivo, vixente e, malia todo, pouco ou mal coñecido.

1 Nacida en Madrid e afincada en Galicia onde realizou a maior parte das súa actividade como xornalista, política, escritora e feminista. Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas, traballou en prensa, radio e comunicación corporativa. Interveu na política local, autonómica, nacional e internacional. Dirixiu a empresa de Información e Comunicación Local, S.A. (Santiago de Compostela), Museo del Ferrocarril (Madrid), área de Comunicación y Desarrollo Corporativo (Fundación de los Ferrocarriles Españoles) e o Gabinete de comunicación do Concello de Vigo. Concelleira en Vigo (1987-2007). Parlamentaria autonómica en Galicia e deputada do Congreso dos Deputados de España. Membro das asembleas parlamentarias do Consello de Europa e da Unión Europea Occidental. Delegada galega no IV Cimeira da Conferencia Mundial da Muller (Pequín), das NU. Primeira Delegada do Goberno galego, para Arxentina e Uruguai. Comentarista en debates e análises político da RTVG, articulista en La Voz de Galicia, Mundiario e Washington Post (El mundo latino). Comentarista na SER (Hoy por Hoy e La Ventana). Periodista en El Pueblo Gallego, RNE, Radio Popular de Vigo, La Voz de Galicia, El País e Triunfo. Membro do Consello da Cultura Galega, como especialista en acción exterior; IGADI; Asociación de Escritores en Lingua Galega e do Colexio de Xornalistas de Galicia. Pertenceu ao Consello de Administración do Xornal Diario e o padroado do periódico dixital, Praza Pública. Observadora electoral acreditada polo Ministerio de Asuntos Exteriores do Goberno de España con misións internacionais no Líbano, Venezuela ou Bosnia. Condecorada coa Encomenda ao Mérito Civil (2009). Destacan na súa traxectoria política e da comunicación: a igualdade de xénero e as relacións internacionais. Ten preto de 30 publicacións abarcando diversos xéneros: novela (Cobardes, 2001); investigación periodística (Quién es quién en el primer Parlamento Gallego, 1981); biografía (Celso Emilio Ferreiro, compañero del viento y las estrellas, 1982) e ensaio (Estrategias turísticas urbanas, 2002); Literatura de mujeres. Once ensayos alrededor de Virginia Woolf, 2003; Mujeres decisivas, 2005; Maruxa Boga, voz y memoria de la Galicia trasterrada en Argentina, 2012; o El puente siempre se queda, 2011, entre outras.

Victoria Sau, define ao feminismo coma *un movemento social e político que se inicia a finais do século XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres –como grupo ou colectivo humano– da opresión, dominación e explotación de que foron obxecto no seo da sociedade patriarcal, o cal lles move a acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que se requiran*. Hoxe non se pode falar de feminismo como movemento único porque coexisten varias tendencias, o da igualdade, o da diferenza, o ecofeminismo... pero non cabe dúbida de que é un movemento que seguen millóns de persoas no mundo e a súa característica máis importante é que non está xerarquizado.

A primeira vaga do feminismo en España da comezo a finais do século XIX, de xeito máis tardío ca no resto de Europa, e se estende até principios do século XX. Hai unha segunda vaga que se centra na década dos 60 e 70, e unha derradeira que abrangue desde os años 80 até a actualidade.

A etapa do sufraxismo comeza a finais do século XIX e principios do XX. Na España de mediados do século XIX, cando Concepción Arenal era unha muller nova e en proceso de formación (lembramos que naceu en 1820), á contra do que acontecía na maioría dos países europeos desenvolvidos, aquí aínda non existían nin unha polémica real sobre cuestións feministas nin grupos ou entidades feministas ben organizadas e cun programa de reformas. Segundo recoñecen os estudos realizados sobre esta materia, a recente, feble e desartellada industrialización, a escasa forza da Ilustración, o conservadorismo católico e a estrutura e intereses sociopolíticos, explican os serios problemas que tivo de afrontar o feminismo na sociedade española da época.

Isto condicionará non só o retraso do recoñecemento dos dereitos das mulleres, senón tamén o establecemento das máis elementais liberdades de amplos sectores da poboación, que deberán esperar, en moitos casos, a chegada da República para comezar a andadura como cidadanía de pleno dereito.

As opinións da época divídense entre a consideración da inferioridade biolóxica das mulleres en relación aos homes e aqueles que crían que “non era conveniente que en España desenvolvesen tarefas que esixisen profundidade e constancia” porque isto entraría en contradición co único oficio para o que, ao seu xuízo, estaban realmente preparadas: o de esposas e nais. Neste período, as mulleres recluídas no espazo doméstico, eran enxalzadas e definidas segundo a súa capacidade para consolidar os valores da domesticidade e a familia. Daquela, considerábase ao feminismo coma factor oposto a tradición, chegando a ser tomado coma unha herexía desatada polos inimigos da fe e de España, co obxectivo de destruír a vida familiar e social.

Poucas mulleres escapaban do paradigma propio daquela época, pero as que o fixeron, sufrindo o desgarrado da súa vida afectiva e persoal, serviron de

precedente. Nese reducidísimo grupo brilla con luz propia a obra e a vida de Concepción Arenal, inxustamente acusada de beata e conservadora na súa ollada sobre a situación das súas conxéneres e as saídas ou solucións para os múltiples oprobios, inxustizas e maltrato social e persoal do que eran obxecto, e que ela sófreo na súa propia vida como se confirma ao estudar de vagar a súa biografía.

O feminismo nesta primeira etapa sempre estivo centrado en reivindicacións de tipo social coma o dereito a educación ou ao traballo e a revalorización da figura da nai e da esposa, máis ca en demandas de igualdade política. Daquela non se adoptou a acción directa e violenta como estratexia de combate nin acadou un grao salientable a militancia. Malia o retraso do movemento como tal, algunhas mulleres comezaron a loita pola igualdade con respecto aos homes: Dolors Monserdà (1845-1919) defendeu os dereitos das mulleres desde unha perspectiva nacionalista catalá e fundamente católica. Teresa Claramunt (1862-1931), obreira téxtil e militante anarcosindicalista, reivindicou o papel da nai como transmisora de valores e María de Echarri (1878-1955) promoveu algunhas medidas de mellora laboral para as obreiras, entre as que salienta a “Lei da Silla”, de 1912, pola cal se debía proporcionar unha cadeira ás mulleres que traballaban na industria ou no comercio.

Outra insigne galega figura con honra nesta relación: Emilia Pardo Bazán (1851-1921), escritora e feminista, que denunciou e criticou duramente a desigualdade educativa vixente entre homes e mulleres, e o sexismo nos ambientes intelectuais. Poren, a pouco que nos fixemos nas datas das precursoras comentadas, vemos que todas elas naceron na segunda metade do XIX e tiveron a súa plenitude a finais dese século ou principios do XX, cando Arenal xa era unha persoa moi velliña que morreu en 1893.

É tan inxusto excluír a Concepción Arenal do glosario feminista como sinal é de descoñecemento a respecto de todo o enorme esforzo intelectual e práctico que realizou nesta materia. Non só se formou, reflexionou e traballou na práctica en materias concretas para quitar ás mulleres da ignorancia e da miseria, senón que desenvolveu unha inxente labor intelectual deixando por escrito unha grande cantidade de obras (case que corenta títulos) nas que criticou duramente á sociedade daquel tempo e o rol excluínste que se lle outorgaba a muller como nai e esposa coas súas conseguíntes dificultades para acceder aos estudos.

Ser muller naquel momento e, ao tempo, querer cambiar o *statu quo*, era unha tarefa case imposible, pero ela se enfrontou con valentía á esa sociedade con teimosía na reivindicación da capacidade intelectual das mulleres e o seu dereito a recibir a mesma educación cos homes. Concepción Arenal, xa de moi nova, deu mostras da súa rebeldía e iniciativa, coa súa ousadía ao se vestir de

home para poder acceder como óinte á Universidade de Dereito en Madrid, cando a educación universitaria estaba vetada ás mulleres. Ela deuse a oportunidade de ter unha formación universitaria, malia ter que recorrer a disfrazarse de varón e aceptar só o papel de ouvinte, pero foille dabondo para conseguir a bagaxe precisa para afianzar uns valores e principios que quedaron reflectidos na intelixente psicoloxía dos seus ensaios onde deixa constancia da súa intensa preocupación polas máis desfavorecidas. Tivo actitudes tan notables como as que denotan estas súas palabras textuais: “*En canto aos privilexios do sexo, renuncio sómente a eles, por ter percibido que custan máis do que valen*”.

Concepción Arenal foi a primeira muller cun cargo relevante na administración española e destacou pola coherencia entre o seu pensamento e o seu traballo, nunha vida que algunhas autoras cualifican coma unha auténtica cruzada feminista. Tamén é certo que no seu discurso non cuestiona os roles sexuais establecidos, pero o seu papel a prol da emancipación das mulleres en España é incuestionable. Coidadosa á hora de preservar a súa intimidade, teimou en destruír pouco antes de morrer todo documento que aportara datos sobre a súa biografía, temendo que a súa vida privada empanase o valor da súa produción intelectual. Pero o valor da súa obra fai que iso sexa imposible. E paga a pena coñecer a súa vida para entender as dificultades e atrancos constantes que tivo que salvar até lograr as súas notables realizacións.

Sabemos que Concepción Arenal naceu en Ferrol. A súa nai, chamada tamén coma ela, descendía dunha familia nobre, irmá do conde de Vigo, mentres que o seu pai, militar, foi un firme defensor do liberalismo que estivo na cadea por se enfrontar coa monarquía absolutista de Fernando VII, o que lle levou a unha morte anticipada. A vida de Concepción non foi sinxela porque sendo aínda unha pequena de oito anos quedou orfa de pai pero del conservou a herdanza ideolóxica e medrou convencida de que tiña que defender as súas convicións persoais e loitar polos seus ideais, como así actuou en consecuencia.

Logo do pasamento do seu pai, foi internada nun colexio relixioso por orde da súa nai onde foi aprendida a comportarse en sociedade coma “unha señorita”, pero cun programa de estudos que non estaba ao nivel das súas preocupacións intelectuais. Ela tiña as ideas moi claras: era muller “pero non parva” e, por riba de todo, desexaba cursar estudos superiores, pretensión inaudita nunha muller daquela época. A súa nai non estaba de acordo pero tivo a sorte de que ao morrer a súa avoa, recibiu a herdanza familiar cando xa tiña 21 anos e decidiu asistir a un universidade, aínda cando o acceso ás aulas universitarias estaban vedadas as mulleres. É daquela cando decide “travestirse” e vestida de varón, asiste as clases de Dereito Penal e Xurídico.

Aos 28 anos casou co avogado e escritor Fernando García Carrasco, home avanzado para a época, que veu á súa compañeira coma a unha igual e alentou as súas inquietudes feministas, animándoa a asistir xuntos a parladoiros literarios, aínda cando para iso ela tiña que seguir vestindo roupa masculina. Utilizaba o nome do seu fillo Fernando para participar en concursos literarios, tomándolle prestada a súa sinatura naquelas ocasións en que unha muller se atopaba “fora de xogo”. A carreira profesional de Concepción se decantaría pola literatura: escribe poesía, teatro, zarzuela e novela, e as súas Fábulas en verso (1851) foron declaradas lectura obrigatoria no ensino primario.

O matrimonio García Arenal colaboraba no diario A Iberia pero cando Fernando, gravemente enfermo, tivo que deixar de escribir os seus artigos, pasa a ser ela quen os redacta. Cando el morre, ela segue facéndoos sen asinalos pero lle reducen os honorarios á metade e, pouco despois, en 1857, ten que deixar de publicalos porque a Lei de Imprenta impuxo a obriga da sinatura para os artigos versados en política, filosofía e relixión. Mes e medio despois, a publicación cesouna como redactora. A este feito sucédenlle outros tantos que contribúen a que Concepción tome conciencia da súa condición de inferioridade como muller. É entón cando se dispara a súa creatividade literaria e os seus múltiples ensaios nos que defende as súas crenzas morais e feministas. O pasamento do seu home afastouna dos ambientes políticos e literarios, pero grazas ao seu forte carácter e conviccións ideolóxicas conseguiu proxectar o seu pensamento e entabou, ou continuou, relacións de amizade cos máis destacados persoeiros daquel tempo, coñecidos polas súas ideas progresistas, liberais e/ou krausistas.

A súa sorte mudou en 1860 cando recibiu un premio da Academia de Ciencias Morales e Políticas pola súa obra “A Beneficencia, a Filantropía, a Caridade”, que lle supuxo un pasaporte para reingresar activamente á vida pública e intelectual do país. Pouco despois publicou a súa primeira obra feminista: “A muller do porvir”, na que intenta rebater a suposta inferioridade fisiolóxica da muller e demostrar a súa superioridade moral.

O 4 de abril de 1864, a instancias da raíña Isabel II, o ministro de Gobernación, Florentino Rodríguez Vaamonde, a nomea Visitadora de Prisións de Mulleres, cando tiña 44 anos, ostentando o cargo até 1865. Posteriormente publicou libros de poesía e ensaio como *Cartas aos delinquentes* (1865), *Oda á escravitude* (1866) –que foi premiada pola Sociedade Abolicionista de Madrid–, *O reo, o pobo e o verdugo*, ou *A execución da pena de morte* (1867). Logo da revolución de 1868, o goberno provisional a nomea Inspectora de Casas de Corrección de Mulleres, cargo que desempeñou até 1873. En 1871, comezara unha longa colaboración coa revista A Voz da Caridade, de Madrid, na que escribiu durante catorce anos sobre as penurias do mundo que a arrodea.

Como xa se dixo, con Concepción Arenal nace o feminismo en España. Desde ben nova loitou por rachar cos canons establecidos para as mulleres, rebelándose contra a tradicional marxinación do sexo feminino e reivindicando a igualdade en tódalas esferas sociais. Mesmo que en moitos dos seus escritos acepta que o papel de nai e esposa eran fundamentais na vida das mulleres, sempre subliñou que a experiencia da vida feminina non podía centrarse no exercicio exclusivo dese rol. Como os krausistas, outorgáballe á educación e instrución das mulleres un papel fundamental, pois pensaba que “*mentres a muller non ten outra carreira ca do matrimonio, os homes aprenden un oficio e as mulleres non*”. Instrución que a muller debía procurar, pois ela denunciaba que os homes da súa época tiñan “*inclinacións de sultáns, reminiscencias de salvaxes e pretensións de sacerdotes*”. Tamén critica ao clero porque “*en xeral, é moi ignorante, non querer á muller instruída e querela mellor como auxiliar para mantela na ignorancia*”.

En 1890, afincada en Vigo, recibe a noticia da defensa da súa candidatura para ocupar unha vacante na Real Academia por parte da súa –e nosa- paisana, Emilia Pardo Bazán. Dous anos despois, coa saúde deteriorada, a xa famosa penalista, con obras que tiveron eco en toda Europa como A instrución do pobo ou o Ensaio sobre o dereito de xentes, faleceu por mor dun catarro bronquial crónico, catro días despois de facer 73 anos.

No seu epitafio figura o lema que a acompañou e ao que adicou toda a súa vida: *Á virtude, á unha vida, á ciencia*”. Nembargante, a súa frase máis celebre foi, sen dúbida, unha que está plenamente vixente na actualidade: “*Odia ao delito e compadece ao delincente*”, na que resume a súa percepción dos delincentes coma produto dunha sociedade reprimida e represora na que sempre se puxo ao lado dos máis e das máis febles. Cada mes de febreiro, no cemiterio de Pereiro, Vigo, conmemorase o cabodano do pasamento desta grande muller, Dona Concepción Arenal.

ANEXO: Obra publicada de Concepción Arenal:

- 1 *Fábulas en verso originales*, Madrid, Tomás Fortanet. 1851.
- 2 *La beneficencia, la filantropía y la caridad*, Madrid, *Imprenta del Colegio de Sordo-Mudos y de Ciegos*, 1861.
- 3 *Manual del visitador del pobre*, Madrid, *Imprenta de Tejado*, 1863.
- 4 *Manuel du visiteur du pauvre*, París, *Ambroise Bray Libraire-Editeur*, 1864.
- 5 *Cartas a los delincuentes*, A Coruña, *Imprenta del Hospicio*, 1865.
- 6 *El reo, el pueblo y el verdugo, o la ejecución pública de la pena de muerte*, Madrid, *Establecimiento Tipográfico de Estrada, Díaz y López*, 1867.
- 7 *La voz que clama en el desierto*, A Coruña, *Tipografía da Casa de Misericordia*, 1868.
- 8 *Examen de las bases aprobadas por las Cortes, para la reforma de las prisiones*, Madrid, *Imprenta de la Revista de Legislación*, 1869.
- 9 *La mujer del porvenir. Artículos sobre las conferencias dominicales para la educación de la mujer*, celebradas no Paraninfo da *Universidad de Madrid*, Sevilla-Madrid, Eduardo Perié-Félix Perié, 1869.
- 10 *Estudios penitenciarios*, Madrid, Imprenta de T. Fortanet, 1877.
- 11 *La cárcel llamada Modelo*, Madrid, Imprenta de T. Fortanet, 1877.
- 12 *Las colonias penales de la Australia y la pena de deportación*, Madrid, *Imprenta y Librería de Eduardo Martínez*, 1877.
- 13 “A récidive en Espagne”, *Bulletin de la Société Générale des Prisons*, 6 (xuño de 1878), p. 575-586.
- 14 *Ensayo sobre el derecho de gentes*, Madrid, Imprenta da *Revista de Legislación*, 1879.
- 15 “Hay Irlanda, pero no Cobden”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 34 (8 de decembro de 1880), p. 418-419.
- 16 “Mi vida. A... que me pedía con insistencia apuntes para escribir mi biografía”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 31 (8 de noviembre de 1880), p. 385.
- 17 *Cuadros de la guerra*, Ávila, *Imprenta de la Propaganda Literaria*, 1880.
- 18 *La cuestión social. Cartas a un obrero y a un señor*, Ávila, *Imprenta de la Propaganda Literaria*, 1880.
- 19 *La instrucción del pueblo*, Madrid, *Real Academia de Ciencias Morales y Políticas* (Tip. Guttenberg), 1881.

- 20 “Lettre à M. Le Directeur General de L’Administration Pénitentiaire D’Espagne”, *Bulletin de la Société Générale des Prisons*, 4 (abril de 1883), p. 468-475.
- 21 *La mujer de su casa*, Madrid, *Gras y Compañía Editores*, 1883.
- 22 “Idea del cielo”, en *Almanaque de las damas para 1885*, Puerto Rico, *Imprenta y Librería de José González Font*, 1884.
- 23 “Clinique criminelle”, *Bulletin de la Société Générale des Prisons*, n° 7 (novembro de 1886), p. 857-866.
- 24 “Psychologie comparée du délinquant”, *Bulletin de la Société Générale des Prisons*, 5 (maio de 1886), p. 647-655.
- 25 “La educación de la mujer”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, T. XVI (1892), p. 305-312.
- 26 *El delito colectivo*, Madrid, *La España Moderna*, 1892.
- 27 *Manuel du visiteur du prisonnier*, París, *Au Secrétariat de l’Oeuvre des Libérées de Saint-Lazare*, 1893.
- 28 *El visitador del preso*, Madrid, *La España Moderna*, 1894.
- 29 *Obras Completas*, Madrid, *Librería de Victoriano Suárez*, 1894-1913.
- 30 “Estado actual de la mujer en España”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, T. XIX (1895), p. 239-252.
- 31 *Informes presentados en los Congresos Penitenciarios de Estocolmo, Roma, San Petersburgo y Amberes*, Madrid, *Librería de Victoriano Suárez*, 1896.
- 32 *El pauperismo*, Madrid, *Librería de Victoriano Suárez*, 1897.
- 33 “A Méndez Núñez”, en *Vigo y Doña Concepción Arenal. El libro de la velada* (10 de setembro de 1897), Madrid, *Establecimiento Tipográfico de la viuda e hijos de Manuel Tello*, 1898.
- 34 *La igualdad social y política y sus relaciones con la libertad*, Madrid, *Librería de Victoriano Suárez*, 1898.
- 35 “Juicio crítico de las obras de Feijoo”, en *Antología popular*, Buenos Aires, *Editorial Galicia*, 1966.
- 36 *Dios y libertad*, Pontevedra, *Deputación Provincial*, 1996.

CONTRIBUCIONES SOBRE EL SÍNDROME DE ASPERGER

AUTISMO GALICIA

CONTRIBUCIONES SOBRE EL SÍNDROME DE ASPERGER

Editorial

Hans Asperger (1906 – 1980), psiquiatra y pediatra austríaco, se formó en Viena en medicina general con la intención de especializarse en pediatría. Sus primeros trabajos los realizó en la clínica pediátrica universitaria de Viena, sintiéndose particularmente atraído por la práctica de la Pedagogía Curativa, que en aquella época constituía uno de los pilares fundamentales de las aportaciones del autor. Conceptualmente, se trata de una estrategia terapéutica que integra perfectamente técnicas de educación especial en la práctica médica, sustentándolo todo en el trabajo de un equipo multidisciplinario (médicos, personal de enfermería, educadores y terapeutas), que se venía desarrollando en esa institución desde el año 1918.

En 1943, describe y publica para habilitarse como profesor, el síndrome “psicopatía autista”, (casi simultáneamente al trabajo “autismo infantil precoz” de Leo Kanner). Asperger utiliza el término de “psicopatía autista” en el sentido técnico de “personalidad patológica”. En 1944, elabora lo que constituiría su tesis doctoral. En su trabajo original Asperger, describió a cuatro niños con edades comprendidas entre los 6 y 11 años que presentaban como característica común una marcada discapacidad por dificultades en la interacción social a pesar de su aparente educación cognitiva y verbal, introduciendo el concepto de psicopatía autista. En su obra: “Die Autistischen psychopathen im Kindesalter S.106, 199f, comenta:

“La alteración de la atención activa se encuentra casi que regularmente en este tipo de niños. Es decir, no se trata o no se trata solamente de la alteración de la concentración que se observa en muchos niños neurópatas que desvían la concentración de su mente del trabajo sobre todo por los estímulos externos, por cualquier movimiento o inquietud en su entorno. Más bien se trata de que estos niños desde un principio no están en absoluto dispuestos a dirigir su atención de trabajo hacia el mundo exterior, en este caso la escuela, exige de ellos”

En el contexto en el que le tocó vivir en torno a la “eugenesia nazi” de esterilizar y/o eliminar a las personas socialmente diferentes o mismamente discapacitadas mentales, Asperger las defiende de forma apasionada escribiendo:

“Estamos convencidos, por tanto, que las personas autistas tienen su lugar en el organismo de la comunidad social. Cumplen bien su papel, quizás mejor que cualquier otro podría hacer, y estamos hablando de personas que en su infancia tuvieron las mayores dificultades y causaron indecibles preocupaciones a sus cuidadores”

Asperger les llamo a sus jóvenes pacientes “pequeños profesores” y personas que a lo largo de su vida, algunos serían capaces de conseguir logros excepcionales y pensamientos originales.

Pero no sería hasta cincuenta años después que el Síndrome de Asperger sería reconocido internacionalmente como entidad clínica propia, al ser incorporada por primera vez en el Manual Estadístico de los Trastornos Mentales (American Psychiatric Association), en su cuarta edición (DSM-IV, 1994).

Lorna Wing (1928 – 2014), psiquiatra británica y madre de una niña autista, iba a ser 13 años antes de la salida del DSM-IV, quien populariza la obra de Hans Asperger, publicando en 1981: “Asperger’s Syndrome: a Clinical Account”. Después de revisar la obra de Asperger, Wing introduce el término de Síndrome de Asperger. Un trastorno relativamente nuevo en el campo del autismo, que ya fuera definido por el médico vienés.

Actualmente el Síndrome de Asperger o Trastorno de Asperger, forma parte del Trastorno del Espectro del Autismo, según los criterios diagnósticos del DSM-V, 2013. Sus defensores sostienen que el criterio del DSM-IV, no funcionaba en la práctica clínica. Por eso para otros investigadores, algunos adultos diagnosticados con el Síndrome de Asperger no deberían ser considerados como enfermedades, trastorno o síndrome en sí, sino simplemente una forma de ser que sus condiciones proporcionan al individuo ventajas y desventajas.

No existe entre las asociaciones de familiares o de auto ayuda una posición de consenso respecto al SA. Así p. ex. la Federación Asperger Española, más bien se adhiere a la definición de los catálogos diagnósticos postulando que el SA es un trastorno severo del desarrollo, que conlleva una alteración neurobiológica determinada en el procesamiento de la información. Por otra parte, el DSM-V no está exento de fuertes críticas por parte de profesionales y escuelas en diferentes países. Un debate, generado sobre todo desde el año 2013, que todavía continúa, muestra argumentos de todo tipo sobre la nueva clasificación del Trastorno del Espectro del Autismo, concordantes con el DSM-V.

El año 2006 fue declarado “Año Internacional del Síndrome de Asperger”, coincidiendo con el centenario del nacimiento de Hans Asperger, y a partir de 2007 el 18 de febrero se declara “Día Internacional Asperger” en su recuerdo.

En el Síndrome de Asperger no hay retraso en el desarrollo del lenguaje a diferencia del autismo infantil precoz de Leo Kanner. Desde el punto de vista de la fisiopatología, se suponen alteraciones en el desarrollo cerebral que tendrían lugar poco después de la concepción. Una migración anormal de las “células embrionarias”

durante el desarrollo fetal puede afectar a su estructura final del cerebro, así como a su conectividad. El resultado sería una alteración de los circuitos neuronales que controlan el pensamiento y la conducta.

Existen diversas teorías que tratan de explicar el mecanismo por el que tienen lugar estos procesos, pero ninguna de ellas es capaz de ofrecer una explicación completa.

Mecanismos compatibles con las teorías de la “coherencia central” o “sistemas de las neuronas espejo” dificultarían los procesos naturales de imitación, lo que provoca el deterioro de interacción social característico del SA. Teorías que por otra parte, concuerdan con las teorías de la “cognición social” como la “teoría de la mente”, teorías hipotéticas de que las conductas autistas se derivan de un deterioro en la capacidad de realizar atribuciones de estado mental a uno mismo y a los demás o la teoría de la “hípersistematización”, hipotética de que los individuos con autismo pueden sistematizar las operaciones internas para dar respuesta ante sucesos de tipo interno, pero son menos eficaces a la hora de simpatizar y dar respuesta a sucesos generados por otros.

